

ACTA

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

26 de abril de 2024

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas do día vinte e seis de abril de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D^a. María Sandra Bastos Míguez (PP), D^a. María Nava Castro Domínguez (PP), D^a. María Isabel Couselo Torres (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D. Paco Ferreira González (PSdeG-PSOE), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D^a. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D^a. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D^a. María Ortega Iñarrea (BNG), D^a. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D^a. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D^a. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D^a. Luisa María Sánchez Méndez (PP), D. Javier Touris Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asisten D. José Carlos López Campos (PP) nin D^a. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG).

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

As intervencións desta sesión quedarán recollidas no Diario de sesións (Vídeo actas), de acordo co disposto no artigo 29 do Regulamento Orgánico desta Deputación.



Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.8172.- **ACTA ANTERIOR**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ZmRhMDJiNzYtM2NlYi00NzAwLTI mYTktYmQ5YWJjZjRlZDcz>

Acórdase, por unanimidade, aprobar o borrador da acta da anterior sesión extraordinaria do 2 de abril.

2.8173.- **RENUNCIA Ó CARGO DE DEPUTADO PROVINCIAL PRESENTADA POR D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS (EXPTE.- 2023045766)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ZjIzOWM0OWU tY2U5MC00ZWl5LTlj ZmQtOWI1YWl xOWFINDVl&start=206>

Dada conta do escrito presentado nesta Deputación con data 14 de abril de 2024 (núm. de rexistro WEB2024024728) por José Carlos López Campos, Deputado Provincial polo Partido Popular (PP) elixido en representación do Partido Xudicial de A Estrada nas eleccións celebradas no ano 2023 renunciando ó cargo de Deputado Provincial.

Resultando que segundo certificación da Secretaria da Xunta Electoral de Zona de A Estrada (rex. entrada WEB2023040569 de 28/06/2023) proclamouse Deputadas/os Provinciais suplentes polo Partido Xudicial de A Estrada en representación do Partido Popular a Belén Cachafeiro Anta, María de los Ángeles Ballesteros Vilariño e Amalia Goldar Cora, por esta orde.

Considerando o disposto nos artigos 9.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 73.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, 208 da Lei Orgánica



5/1985, de 9 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, así como a Instrución da Xunta Electoral Central de 10 de xullo de 2003.

O Pleno toma coñecemento da renuncia ó cargo de Deputado Provincial presentada por José Carlos López Campos, remitindo certificación acreditativa do presente acordo á Xunta Electoral Central, con indicación de que a xuízo da Corporación Provincial e á vista da acta da Xunta Electoral de Zona de A Estrada corresponde cubrir a citada vacante a Belén Cachafeiro Anta.

a) Parte resolutiva:

3.8174.- **APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN NÚMERO 7 DO CONTRATO DO SERVIZO DE LIMPEZA NOS DIFERENTES CENTROS E SEDES DA DEPUTACIÓN E DA TERCEIRA PRÓRROGA DOS LOTES DESTE CONTRATO (EXPTES.- 2024025374 – 2018058000)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ZjIzOWM0OWUtY2U5MC00ZWl5LTIjZmQtOWI1YWl5OWFINDVI&start=417>

Por medio do acordo 5.7413, na sesión ordinaria do día 28 de febreiro de 2020, o Pleno da Deputación de Pontevedra acordou a adxudicación por lotes do contrato para a prestación do *Servizo de limpeza nos centros e servizos da Deputación de Pontevedra* ás seguintes empresas e polos seguintes importes ofertados para 2 anos de contrato:

- Lote 1. Servizos Centrais adxudicouse á empresa Limpiezas Cíes, S.L. (B36631935) polo seguinte importe:

Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (sen IVE)	1.100.000,00€
IVE (21%)	231.000,00€
Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (con IVE)	1.331.000,00€

- Lote 2. Servizo de Turismo Rías Baixas adxudicouse á empresa Eulen, S.A. (A28517308) polo seguinte importe:



Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (sen IVE)	197.167,57€
IVE (21%)	41.405,19€
Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (con IVE)	238.572,76€

- Lote 3. Museo de Pontevedra adxudicouse á empresa Limpiezas Cíes, S.L. (B36631935) polo seguinte importe:

Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (sen IVE)	240.000,00€
IVE (21%)	50.400,00€
Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (con IVE)	290.400,00€

- Lote 4. ORAL adxudicouse á empresa Limpiezas Cíes, S.L. (B36631935) polo seguinte importe:

Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (sen IVE)	177.600,00€
IVE (21%)	37.296,00€
Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (con IVE)	214.896,00€

- Lote 5. Centro Príncipe Felipe adxudicouse á empresa Eulen, S.A. (A28517308) polo seguinte importe:

Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (sen IVE)	1.032.500,00€
IVE (21%)	216.825,00€
Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (con IVE)	1.249.325,00€

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 29 de maio de 2020, establecendo un prazo de duración de dous anos, contados desde o día 1 de xuño de 2020, coa posibilidade de tres prórrogas anuais.

Na actualidade atópase prorrogado ata o 31 de maio de 2024, unha vez aprobada a segunda prórroga do contrato mediante acordo do Pleno do día 28 de abril de 2023.

Visto que, ata a data, o contrato “*servizo de limpeza dos centros e servizos da Deputación de Pontevedra*” foi obxecto das seguintes modificacións:

1. Acordo do Pleno nº 6.7507, de 30 de outubro de 2020, modificación do lote número 4 (ORAL).



2. Acordo da Xunta de Goberno nº 16.29957, de 19 de febreiro de 2021, modificación do lote número 1 (servizos centrais).
3. Acordo da Xunta de Goberno nº 17.30536, de 9 de xullo de 2021, modificación do lote número 1 (servizos centrais).
4. Acordo da Xunta de Goberno nº 9.32446, de 17 de marzo de 2023, axuste organizativo temporal do lote 1 (servizos centrais).
5. Acordo da Xunta de Goberno nº 9.33099, de 27 de outubro de 2023 modificación do lote 1 (servizos centrais).
6. Acordo Xunta de Goberno nº 20.33519, de 23 de febreiro de 2024, modificación do lote 3 (Museo de Pontevedra).

Visto o informe dos responsables do contrato, de data 21 de marzo de 2024 (CSV: 5NILMED2CMHYON9R), de acordo ó cal na actualidade a execución do contrato vense desenvolvendo de acordo co pactado, e segundo o previsto nos pregos que rexen a devandita contratación, polo que non se advirten incumprimentos por parte das empresas contratistas que xustifiquen a improcedencia da prórroga nos respectivos lotes.

No referido informe, os xefes de servizo de Contratación (responsable do Lote 1), Turismo Rías Baixas (responsable do Lote 2), Museo de Pontevedra (responsable do Lote 3), xestión dos servizos do ORAL (responsable do Lote 4) e Centro Príncipe Felipe (responsable do Lote 5), propoñen a prórroga anual dos respectivos lotes polo período que vai desde o 1 de xuño de 2024 ata o 31 de maio de 2025.

Asemade, mediante informe de 10 de abril de 2024 (CSV: ZMJ2UIIDVI66CY8L), a responsable do contrato comunica que a oficina de información turística de Armenteira (Lote 2) pechouse en xaneiro deste ano, e a empresa contratista deixou de prestar servizo nestas instalacións desde o mes de marzo, o que fai preciso reflectir na prórroga deste lote.

A proposta de modificación comunicouse á empresa con data 11 de abril de 2024 (NOT2024008182).

Visto que se notificou preaviso ás empresas contratistas da intención de acordar esta prórroga nos mesmos termos e condicións. (Rexistros saída NOT2024005308, de 7/03/2024, NOT2024005309, de 7/03/2024 NOT2024004983, de 4/03/2024, NOT2024005310, de 7/03/2024 e NOT2024004873 do día de 1/03/2024).



Tendo en conta o artigo 29.2 LCSP, que permite que o contrato poida prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordaraa o órgano de contratación e será obrigatoria para a empresaria ou empresario sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, agás que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. En ningún caso se poderá producir a prórroga polo consentimento tácito das partes.

Tendo en conta que, de conformidade co dito artigo, a cláusula 4 do prego económico-administrativo, e o propio contrato de *servizo de limpeza dos centros e servizos da Deputación de Pontevedra*, previron a posibilidade de realizar tres prórrogas anuais.

Tendo en conta que se realizaron avisos previos coa antelación de dous meses sinalada no citado artigo 29, polo que as prórrogas dos lotes do contrato serían obrigatorias para as empresas contratistas.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación, neste caso, o Pleno, adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do Secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 27 de marzo de 2024 (CSV:OOSIA1SHPCPGVSGS), a Intervención informa sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender os gastos desta prórroga nas respectivas aplicacións orzamentarias, indicando os documentos de retención de crédito emitidos ao efecto.

Tendo en conta que a cláusula 22 do prego administrativo, ao abeiro dos artigos 203 e 204 da LCSP, prevé como causa obxectiva de modificación a baixa de instalacións e/ou dependencias vinculadas á Deputación de Pontevedra; estando dita competencia delegada na Xunta de Goberno por razóns de celeridade, mediante acordo do Pleno da Corporación Provincial número 3.7349, do día 5 de novembro de 2019.



Tendo en conta que o artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, nos supostos de delegación de competencias en órganos non dependentes xerárquicamente, establece que o órgano delegante poderá avocar para si o coñecemento dun ou varios asuntos cuxa resolución corresponda por delegación, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente.

No mesmo sentido, o artigo 116 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, establece que o órgano delegante poderá avocar en calquera momento a competencia delegada con arranxo á lexislación vixente sobre procedemento administrativo común.

Tendo en conta que a modificación cumpriría o alcance, límite e natureza previsto na cláusula 22 do prego administrativo, sen alterar en ningún caso a natureza global do contrato, e suporía unha minoración no prezo mensual do lote 2 de 73,74 euros (60,94€, máis 12,80 € correspondentes ao 21% IVE), na aplicación orzamentaria 433.4320.227.00, pasando ao prezo mensual de 9.866,80 euros (8.154,38 €, máis 1.712,42 € correspondentes ao 21% IVE).

Visto o informe favorable emitido de xeito conxunto polo servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, a Secretaría Xeral e a Intervención da Deputación de Pontevedra, de data 11 de abril de 2024 (CSV: 3PQJTE28SZAS8HVI), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe dos/as responsables do contrato, infórmase favorablemente a proposta de terceira prórroga de todos os lotes do contrato de servizo de limpeza nos centros e servizos da Deputación de Pontevedra por unha anualidade, desde o 01 de xuño do 2024 ata o 31 de maio do 2025.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é o Pleno provincial. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 01 de xuño do 2024.

Asemade, visto que a oficina de información turística de Armenteira (Lote 2) pechou en xaneiro deste ano, e non se presta nela o servizo de limpeza desde o mes de marzo, considérase necesario, por razóns de celeridade, que o Pleno avoque puntualmente a delegación conferida á Xunta de Goberno e, no mesmo acto de prórroga, aprobe con carácter previo a modificación do lote 2, suscrito con Eulen, S.A., para cesar o servizo nestas instalacións, con efectos desde 1 de marzo de 2024.



A modificación cumpriría o alcance, límite e natureza previsto na cláusula 22 do prego administrativo, sen alterar en ningún caso a natureza global do contrato, e suporía unha minoración no prezo mensual do lote 2 de 73,74 euros (60,94€, máis 12,80€ correspondentes ao 21% IVE), na aplicación orzamentaria 433.4320.227.00, pasando ao prezo mensual de 9.866,80 euros (8.154,38 €, máis 1.712,42 € correspondentes ao 21% IVE).”

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, que, no seu apartado 1, faculta ao Pleno para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial.

O Pleno de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por unanimidade:

1.- Avocar puntualmente a competencia delegada a favor da Xunta de Goberno mediante acordo do Pleno da Corporación Provincial número 3.7349, do día 5 de novembro de 2019, para aprobar as modificacións previstas no contrato de “*Servizo de limpeza nos diferentes centros e sedes da Deputación de Pontevedra*”.

2.- Aprobar a modificación número 7 do contrato de “*Servizo de limpeza nos diferentes centros e sedes da Deputación de Pontevedra. Lote 2: Servizo de Turismo Rías Baixas*”, subscrito coa empresa Eulen, S.A. (CIF: A28517308), para cesar a prestación deste servizo na oficina de información turística de Armenteira, con efectos desde o 1 de marzo de 2024.

O cambio supón unha minoración no prezo mensual do lote 2 de 73,74 euros (60,94€, máis 12,80€ correspondentes ao 21% IVE), na aplicación orzamentaria 433.4320.227.00, pasando ao seguinte:

Prezo mensual Lote 2 (sen IVE)	8.154,38 €
IVE (21%)	1.712,42 €
Prezo mensual lote 2 (IVE engadido)	9.866,80 €



Prezo anual Lote 2 (sen IVE)	97.852,56 €
IVE (21%)	20.549,04 €
Prezo anual lote 2 (IVE engadido)	118.401,60 €

A empresa Eulen, S.A. poderá, no prazo de quince días naturais, contados desde o día seguinte á notificación deste acordo, proceder a minorar a garantía definitiva constituída para este contrato (carta de pago nº 202000023943, polo importe de 9.858,38 euros) ao importe de 9.785,25 euros, para gardar a debida proporción co novo prezo modificado.

3.- Aprobar a terceira prórroga dos lotes 1, 2, 3, 4 e 5 do contrato para a prestación do “*Servizo de limpeza nos centros e servizos da Deputación de Pontevedra*” subscrito coas empresas:

- Lote 1. Servizos Centrais: Limpiezas Cíes, S.L. (B36631935).
- Lote 2. Servizo de Turismo Rías Baixas: Eulen, S.A. (A28517308).
- Lote 3. Museo de Pontevedra: Limpiezas Cíes, S.L. (B36631935).
- Lote 4. ORAL: Limpiezas Cíes, S.L. (B36631935).
- Lote 5. Centro Príncipe Felipe: Eulen, S.A. (A28517308).

durante o período que vai desde o 1 de xuño do 2024 ata o 31 de maio do 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen, máis aló das modificacións aprobadas.

O importe do gasto, para toda a duración da prórroga do contrato é de 1.649.899,82 € (máis un 10% de servizos extraordinarios por 164.989,98 €) e financiarase con cargo á/s seguinte/s aplicación/s orzamentaria/s ou a vinculación xurídica das mesmas, no seu caso:

			Importe 2024 (01/06 A 31/12)		Importe 2025 (01/01 A 31/05)	
		Aplicación orzamentaria	Importe 2024 (con IVE)	10% con IVE (servizos extraord.)	Importe 2025 (con IVE)	10% con IVE (servizos extraord.)
Lote 1	Pazo Provincial		106.468,57 €	10.646,85 €	76.048,98 €	7.604,89 €
	Edificio Administrativo	920.9200.227.00	51.834,20 €	5.183,42 €	37.024,43 €	3.702,44 €
	Sede Vigo		23.646,63 €	2.364,66 €	16.890,45 €	1.689,05 €
	EF Areiro	413.4123.227.00	46.345,98 €	4.634,60 €	33.104,27 €	3.310,43 €
	Edificio Aperos	410.4100.227.00	13.794,16 €	1.379,42 €	9.852,97 €	985,30 €



	Soutomaior					
	Imprenta Provincial	924.9240.227.00	6.189,63 €	618,96 €	4.421,16 €	442,12 €
	Servizo Mobilidade	456.4530.227.00	14.416,05 €	1.441,61 €	10.297,17 €	1.029,72 €
	Servizo Asistencia Intermunicipal	923.1623.227.00	6.222,40 €	622,24 €	4.444,57 €	444,46 €
	Servizo Patrimonio Documental e Bibliográfico	332.3322.227.00	30.344,03 €	3.034,40 €	21.674,31 €	2.167,43 €
	Finca Mouriscade	410.4120.227.00	21.127,74 €	2.112,77 €	15.091,24 €	1.509,12 €
	Viveros Empresas	942.4330.227.00	32.982,01 €	3.298,20 €	23.558,58 €	2.355,86 €
	CSAE	942.4331.227.00	5.594,86 €	559,49 €	3.996,33 €	399,63 €
Lote 2	Palacete das Mendoza	433.4320.227.00	37.353,89 €	3.735,39 €	26.681,35 €	2.668,14 €
	PIT Peinador		542,84 €	54,28 €	387,74 €	38,77 €
	Castelo Soutomaior	433.3360.227.00	31.170,87 €	3.117,09 €	22.264,91 €	2.226,49 €
Lote 3	Museo de Pontevedra	333.3330.227.00	88.409,86 €	8.840,99 €	63.149,90 €	6.314,99 €
Lote 4	Servizos Centrais ORAL	932.9320.227.00	32.861,14 €	3.286,11 €	23.472,25 €	2.347,23 €
	Oficinas Periféricas ORAL		48.750,27 €	4.875,03 €	34.821,62 €	3.482,16 €
Lote 5	Centro Príncipe Felipe	232.2312.227.00	364.386,43 €	36.438,64 €	260.276,03 €	26.027,60 €

O importe do gasto correspondente á anualidade 2025 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

4.8175.- **APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DO CONCURSO PÚBLICO PARA O ALLEAMENTO OU CONSTITUCIÓN DUN DEREITO DE SUPERFICIE, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DE VARIAS PARCELAS (14) RESULTANTES DO PROXECTO DE PARCELACIÓN DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SOLO URBANIZABLE E INDUSTRIAL OUTEDA-CURRO (SRAU-I OUTEDA-CURRO) (CONCELLO DE BARRO) (EXPTES.-2024025500-2024025116)**



Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ZjIzOWM0OWUtY2U5MC00ZWl5LTljZmQtOWI1YWl5OWFINDVI&start=436>

O Técnico Colaborador do Polígono Industrial Outeda-Curro, a través de escrito de data 15 de abril de 2024, co Código seguro de verificación (CSV: TUCZ0OB0BZRYRG47) informa que próximo a rematar o prazo para a adquisición por alleamento directo das parcelas dispoñibles no Polígono SRAU Industrial Outeda-Curro, é necesario iniciar a tramitación dun novo expediente para a venda das catorce (14) parcelas dispoñibles na actualidade, coa idea de fomentar o desenvolvemento económico e social da provincia de Pontevedra ao destinar estes terreos á implantación de iniciativas empresariais que favorezan a creación de emprego e a realización de inversións.

Para a adxudicación destas parcelas propónse a convocatoria dun concurso público, mediante procedemento aberto, conforme ao disposto no artigo 137 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas. No Prego de cláusulas económico-administrativas, régulase a adxudicación dos dereitos de propiedade ou de superficie, segundo corresponda á elección dos licitadores, sobre as parcelas titularidade da Deputación de Pontevedra, podendo ser obxecto ditas parcelas dos seguintes negocios xurídicos: a) a transmisión-adquisición do dereito de propiedade e b) a constitución dun dereito de superficie por un prazo mínimo de 5 anos e máximo de 25 anos.

As parcelas obxecto da posible adxudicación dos dereitos de propiedade ou de superficie suman un total de 55.552,69 m², sendo o prezo repercutido sobre as parcelas de calquera das zonas de actividade o de 99,00€/m², IVE excluído, e de 119,79€/m², IVE engadido, segundo informe de valoración do Enxeñeiro colaborador do Polígono de data 15 de abril de 2024 (CSV: VRWOMYUPZ0VUIO79); taxación esixida no Regulamento de bens das Entidades Locais (artigo 118), Lei de Administración Local de Galicia (artigo 277.1) e Lei de Patrimonio das Administracións Públicas (artigo 138 en relación co 114).

Vista a nota de conformidade emitida polo Secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, en relación ao citado informe do Técnico Colaborador do Polígono Industrial Outeda-Curro, de acordo co disposto no



artigo 3.4 do RD 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Visto o informe favorable á tramitación do presente expediente emitido en data 15 de abril de 2024 polo Servizo de Intervención (CSV:K44VL9QHJV4M1B0K).

Á vista do exposto, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente do concurso público para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie, mediante procedemento aberto, de catorce (14) parcelas resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do solo urbanizable industrial Outeda-Curro (SRAU-I Outeda-Curro), no municipio de Barro, polos importes que figuran para cada parcela no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas, a razón de 99,00€/m², IVE excluído, e de 119,79€/m², IVE engadido.
2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas que rexerá este concurso público, por procedemento aberto, que obra no expediente e que se asinou dixitalmente polo Técnico Colaborador do Polígono Industrial Outeda-Curro, co código de verificación (CSV:) J0Q0QKY4EOWTFZ34.
3. Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación do presente concurso público, indicando que o prazo de presentación de ofertas rematará as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, contados desde o día seguinte á publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante e no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO).

5.8176.- **APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO REFORMULADO DA ACTUACIÓN “PROXECTO DE MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO CONTORNO DA CAPELA DE SAN XOÁN DE BARCELA. FASE 1ª PRESENTADO POLO CONCELLO DE ARBO AO ABEIRO DO PROGRAMA**



PON2030 E A MODIFICACIÓN DO ACORDO DO PLENO Nº 4.8011, DE 23-06-2023, DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN” (EXPTE.- 2023030223)

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ZjIzOWM0OWUtY2U5MC00ZWl5LTIjZmQtOWI1YWl5OWFlNDVI&start=464>

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 06/03/2023, mediante o acordo núm. 2.7960, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 46, de 07/03/2023, modificadas polo Pleno provincial na súa sesión ordinaria de 29/09/2023, mediante o acordo núm. 3.8051, publicadas no BOPPO núm. 191, de 03/10/2023.
- O Pleno provincial na súa sesión extraordinaria urxente de 23/06/2023, mediante o acordo núm. 4.8011, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Arbo con destino á execución da actuación denominada “Proxecto de mellora da mobilidade peonil no contorno da capela de San Xoán de Barcela. Fase I”, ao abeiro do Programa PON2030.
O orzamento do investimento ascendía a 408.510,44€ e a subvención concedida a 367.659,40€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 40.851,04€.
- O 23/11/2023 asínase o correspondente convenio de colaboración entre ambas administracións.
- Na data 23/02/2024, mediante a resolución presidencial núm. 2024001539, concedeuse unha subvención por importe de 40.851,04€ ao Concello de Arbo, ao abeiro do Plan +Provincia 2024, con destino ao financiamento da totalidade da achega municipal da citada actuación (expte. 2024009603).
- En data 28/03/2024 o Concello de Arbo presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2024020034) un proxecto reformulado do proxecto inicial, para recoller as condicións establecidas na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para a citada actuación, no que o orzamento diminúe 3.000,78€ ata o importe de 405.509,66€, achegando documentación complementaria o 30/03/2024 (núm. Rexistro



WEB2024020141).

- O Enxeñeiro do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto o 09/04/2024.
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa PON2030 na data 10/04/2024 acórdase que procede dar a conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que os cambios introducidos non afectan aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria do Programa reitor e, polo tanto, as puntuación obtidas non se modifican.
- O 11/04/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente.
- Na data 16/04/2024 o Enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que considera que os cambios introducidos no proxecto non modifican a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- Na data 16/04/2024 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á proposta de modificación do acordo de concesión por cambio de proxecto do investimento obxecto de subvención.
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se



traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30/12/2016 (OXSDPPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030.
- Convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Arbo para a execución da actuación denominada “Proxecto de mellora da mobilidade peonil no contorno da capela de San Xoán de Barcela. Fase I” ao abeiro do Programa PON2030.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o



- proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
 - Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
 - Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
 - Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederáse á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
 - Base reguladora 17ª da convocatoria, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. Segundo a dita base, a revisión de prezos, cando supoña un incremento dos custos, correrá a cargo do concello.

Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

O proxecto reformulado presentado polo Concello de Arbo non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.



O novo orzamento diminúe en 3.000,78€ ata o importe de 405.509,66€, polo que procede minorar a subvención concedida en 2.700,71€ ata 364.958,69€ e a achega municipal financiada co Plan +Provincia 2024 en 300,07€ ata 40.550,97€, de conformidade coas porcentaxes de financiación establecidas inicialmente.

A Comisión de Persoas Expertas informa favorablemente a supervisión do proxecto reformulado, poñendo de manifesto que os cambios introducidos non afectan aos criterios de valoración e á puntuación en base aos que se concedeu a axuda.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa PON2030 e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, a acta da sesión da Comisión de Persoas Expertas celebrada o 10/04/2024 (CSV: 56H0AQ226Z4GKD4Y), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 11/04/2024 (CSV: G1OGBU7PDMIARV3K), o informe do Enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención de 16/04/2024 (CSV: HUDOIXQMNM6C3WOQ), o informe de Intervención de 16/04/2024 (CSV: 3LSZC5LI6MOWILHN), e o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 19/04/2024 (CSV: 6D8M3HTNYMDD9U83), o Pleno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto técnico reformulado da actuación denominada “Proxecto de mellora da mobilidade peonil no contorno da capela de San Xoán de Barcela. Fase I” presentado polo Concello de Arbo ao abeiro do Programa PON2030.
- Modificar o acordo plenario núm. 4.8011, do 23/06/2023, de concesión de subvención ao Concello de Arbo para reaxustar o financiamento de conformidade coa seguinte táboa:



ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PON2030	ACHEGA MUNICIPAL (+PROVINCIA 2024)
405.509,66 €	364.958,69 €	40.550,97 €

A modificación do acordo suporá a modificación da cláusula segunda do convenio, denominada “Financiamento”, mediante a sinatura da correspondente addenda, e a realización das operacións oportunas para minorar o importe das subvencións concedidas.

- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Arbo, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

6.8177.- **ACEPTACIÓN DA RENUNCIA DO CONCELLO DE PONTECESURES Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON E EXTINCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN (EXPTE.- 2021040023)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ZjIzOWM0OWU5Y2U5MC00ZWl5LTljZmQtOWI1YWl5OWFINDVl&start=495>

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 7.7624 de 28/05/2021, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-Covid-19. Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia), publicadas no BOPPO núm. 102 de 01/06/2021. Posteriormente as ditas bases modificáronse mediante o acordo núm. 8.7706 do Pleno provincial de 26/11/2021, e a dita modificación publicouse no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021.
- No marco do Programa ReacPon, o Pleno da Deputación mediante o acordo núm. 4.7719 de 17/12/2021 aprobou a concesión dunha subvención ao Concello de Pontecesures, polo procedemento de



concorrenza competitiva, por importe de 330.101,87 euros co obxecto do financiamento do investimento denominado “Obra re-conexión peonil, segura e amable do núcleo urbano de Pontecesures”, cun orzamento de 366.779,86€.

- Mediante a resolución presidencial núm. 2022000944 de 04/02/2022 aprobouse o correspondente convenio de colaboración entre ambas administracións co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 14/02/2022.

O convenio, de acordo coas porcentaxes de cofinanciamento previstas nas bases da convocatoria, distribúe o financiamento do investimento entre a Deputación, mediante a subvención do Programa ReacPon, e o Concello de Pontecesures, mediante unha achega con cargo aos seus fondos propios ou con outro tipo de axudas que poida obter, de acordo coa seguinte táboa:

	Achega	Porcentaxe
Deputación	330.101,87€	90,00%
Concello de Pontecesures	36.677,99€	10,00%
Total	366.779,86€	

- Na data 11/03/2022, mediante a resolución presidencial núm. 2022001745, concedeuse unha subvención por importe de 36.677,99€ ao Concello de Pontecesures, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022, con destino ao financiamento da totalidade da achega municipal da citada actuación (expte. 2022009725).
- Mediante o acordo núm. 7.7926 de 27/01/2023, o Pleno da Corporación Provincial prorrogou o prazo de execución dos investimentos acollidos no Programa ReacPon ata o 31/12/2023 e o prazo de xustificación ata o 31/05/2024. Mediante a resolución presidencial núm. RP2023003107 de 19/04/2023 aprobouse a correspondente addenda ao convenio para modificar a vixencia do mesmo, a cal se asinou o 11/05/2023.



- Na data 31/08/2023 o Concello presentou na Sede Electrónica da Deputación (núm. rexistro WEB2023017716) unha solicitude de ampliación do prazo previsto para a execución do investimento.
- O día 15/09/2023, mediante o acordo núm. 7.8030, o Pleno da Deputación aprobou o proxecto reformulado presentado polo concello da citada actuación.
- Mediante a resolución presidencial núm. 2023009888 de 22/12/2023 autorízase ao Concello de Pontecesures a *“continuar coa execución do seu investimento ao abeiro do Programa ReacPon con posterioridade á data do 31/12/2023, no caso de superar o 50% de execución da obra nesa data. En caso contrario o Concello perderá a subvención concedida”* e outórgaselle un prazo *“que se corresponde cos cinco primeiros días hábiles de xaneiro de 2024 para a presentación da solicitude da subvención nominativa para financiar o remate da citada actuación, de ser o caso, tendo en conta os criterios e observacións recollidos no informe da Intervención provincial...”*.
- Na data 28/12/2023 o Concello presenta na Sede Electrónica da Deputación (núm. rexistro 2023024247) a comunicación da decisión de non levar a cabo a execución do investimento debido a que *“a tramitación do expediente non permitiu que a obra se puidera executar nos prazos outorgados no convenio de colaboración asinado por ambas partes para a execución da obra”* e informa de que *“no momento en que tivo coñecemento da aprobación do proxecto técnico modificado en sesión do Pleno Provincial de 15.09.2023, iniciou o procedemento de licitación con carácter inmediato, á espera da decisión da Deputación sobre a solicitude de ampliación de prazos,... e, ante a imposibilidade material de executar a obra antes do 31 de decembro, se adoptou, en sesión plenaria extraordinaria celebrada o 19 de decembro de 2023, o acordo de non adxudicar o contrato de obra e paralizar así o procedemento de licitación (...)”*.

Así mesmo, tamén presenta o certificado do acordo plenario municipal de 19/12/2023 polo que se acorda non adxudicar o contrato da actuación de referencia.

- Posteriormente, o 04/04/2024 o Concello presenta na Sede Electrónica da Deputación (núm. rexistro 2024005696) un escrito da Alcaldía no que se renuncia á subvención concedida ao abeiro do Programa ReacPon por



importe de 330.101,87€ e no que se solicita a extinción do convenio asinado entre ambas administracións.

- O 15/04/2024 a xefa do Servizo de Cooperación emite informe-proposta favorable á aceptación da renuncia.
- Na data 15/04/2024 a Intervención provincial emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Cooperación.
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPPO).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.



- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontecesures para a execución da actuación denominada “Obra de re-conexión peonil, segura e amable do núcleo urbano de Pontecesures” no marco do Programa ReacPon, e a súa correspondente addenda.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

PROCEDENCIA DA RENUNCIA

- Artigo 94 da LPACAP, que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración as



aceptará de plano e declarará concluído o procedemento salvo que, téndose presentado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días dende que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

RÉXIME COMPETENCIAL

- De acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, o órgano competente é o Pleno, por ser o órgano que no seu día concedeu a subvención.

CONCLUSIÓN

Xuridicamente, a renuncia é a declaración unilateral do interesado de abandonar unha pretensión nun procedemento xa iniciado configurándose como un modo anormal de terminación do mesmo.

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A Lei esixe como requisitos da renuncia, a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia.

Ao Concello de Pontecesures concedéronse por parte da Deputación dúas subvencións, unha de 330.101,87€ ao abeiro do Programa ReacPon e outra de 36.677,99€ ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022, co obxecto do financiamento da totalidade do investimento denominado “Obra re-conexión peonil, segura e amable do núcleo urbano de Pontecesures”.

Ante a imposibilidade material de executar a obra antes da data límite do 31/12/2023, o Concello comunicou á Deputación a renuncia á subvención concedida no marco do Programa ReacPon.



Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 15/04/2024 (CSV: 6I3GNJX2V2AWO2WG), a dilixencia de conformidade de Intervención de 15/04/2024 (CSV: Y4XXRIPYPIJRKSBY) e o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 19/04/2024 (CSV: 60WTRRUM1GV7VKVD), o Pleno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia do Concello de Pontecesures á subvención concedida mediante o acordo plenario núm. 4.7719, de 17/12/2021, por importe de 330.101,87€ co obxecto do financiamento da actuación denominada “Obra re-conexión peonil, segura e amable do núcleo urbano de Pontecesures”, ao abeiro do Programa ReacPon.
- Dar por extinguido o convenio de colaboración asinado o 14/02/2022 entre o Concello de Pontecesures e a Deputación Provincial de Pontevedra, segundo o establecido na cláusula 12ª do mesmo.
- Comunicar ao Concello de Pontecesures que, en canto ao importe de 36.677,99€, correspondente á anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-2023 co que se financia a achega municipal do Programa ReacPon, poderá solicitar unha subvención nominativa para un novo investimento.

Esta subvención rexerá polas normas do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022, e deberá acreditarse na solicitude que se cumpre cos requisitos que, para cambios de finalidade, se establecen na base 17ª do citado Plan.

As datas límites para executar e xustificar a nova actuación son o 30/09/2024 e o 31/10/2024, respectivamente, de conformidade co establecido no acordo do Pleno da Deputación núm. 4.8084 de 24/11/2023 (BOPPO núm. 229 de 28/11/2023) que modifica a base reguladora 21ª do referido Plan.

- Previamente á concesión da subvención nominativa deberá aprobarse no Pleno provincial o correspondente expediente de modificación de crédito



- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Pontecesures, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

7.8178.- **RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL (RP2024003108 DE 17/04/2024) POLA QUE SE APROBA O ACORDO PARA LEVAR A CABO O PROXECTO BLUE BIOECONOMY IN THE ATLANTIC AREA: NEW PRODUCTS FROM MARINE ORGANISMS (BEAP-MAR), FINANCIADO POLO PROGRAMA DE COOPERACIÓN TRANSNACIONAL ESPAZO ATLÁNTICO 2021-2027 (EXPTE.- 2023007187)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ZjIzOWM0OWUtY2U5MC00ZWl5LTIjZmQtOWI1YWl5OWFINDVI&start=514>

O 26/01/2023 D. Luís Miguel Botana López, con DNI n.º 33240009H, coordinador do Grupo de investigación Farmatox do Campus Terra da Universidade de Santiago de Compostela e coordinador da candidatura do proxecto BEAP-MAR, presentou no Rexistro xeral da Deputación de Pontevedra (Nº Rexistro: WEB2023004093) unha solicitude para que a Estación Fitopatolóxica Areeiro da Deputación de Pontevedra participase en calidade de socio no proxecto BEAP-MAR “Blue BioEconomy in the Atlantic Area: New Products from MARine organisms” dentro da primeira convocatoria do programa Interreg Espazo Atlántico 21-27.

A USC solicitou a participación en calidade de socio da Estación Fitopatolóxica Areeiro, tendo en conta os diferentes traballos que se realizan no noso centro nas liñas de diagnóstico e control de patóxenos en cultivos vexetais, e das súas actividades tal e como figuran no catálogo de servizos da páxina web <https://areeiro.depo.gal/>, concretamente:

- Estudo de produtos para controlar axentes fitopatóxenos.
- Proporcionar cultivos puros, cepas ou organismos vivos para estudos e proxectos sobre control de axentes fitopatóxenos.



- Participación e colaboración con universidades, empresas, cooperativas, etc. en proxectos nacionais, europeos e internacionais relativos ás materias das nosas competencias.
- Apoio á investigación, nas liñas dos nosos centros, a empresas e outras institucións ou administracións mediante convenios e contratos.

Visto o informe favorable á participación da Deputación Provincial de Pontevedra neste proxecto, a través do centro xestor Estación Fitopatolóxica Areiro, asinado pola Xefa do Servizo.

Vistos os informes favorables de Intervención e de Secretaría Xeral de datas 4 e 10 de abril de 2024, respectivamente.

Vista a RP2024003108 pola que o presidente da Deputación de Pontevedra resolve aprobar o acordo para levar a cabo o proxecto BEAP-MAR “Blue BioEconomy in the Atlantic Area: New Products from MARine organisms”, da convocatoria INTERREG ATLANTIC AREA 2021-2027, e proceder a súa sinatura, quedando condicionada á súa ratificación polo Pleno da Corporación Provincial na próxima sesión que celebre.

Visto o acordo de asociación asinado polo presidente da Deputación de Pontevedra o 22/04/2024.

Á vista do exposto, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Proxectos Europeos, Modernización Tecnolóxica, Administrativa e Axenda Dixital acorda por unanimidade:

1. Ratificar a RP2024003108 (documento con CSV QVT80O6RONBUT1UA) pola que o Presidente da Deputación de Pontevedra resolve aprobar o acordo para levar a cabo o proxecto BEAP-MAR “Blue BioEconomy in the Atlantic Area: New Products from MARine organisms”, da convocatoria INTERREG ATLANTIC AREA 2021-2027.
2. Ratificar o acordo de asociación asinado polo Presidente da Deputación de Pontevedra o 22/04/2024.

8.8179.- **ACTUALIZACIÓN A 1 DE ABRIL DE 2024 DO**



CATÁLOGO DE ESTRADAS TITULARIDADE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (EXPTE.- 2024022916)

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ZjIzOWM0OWUtY2U5MC00ZWl5LTljZmQtOWI1YWl5OWFINDVl&start=664>

Antecedentes.

1.- O Pleno da Deputación de Pontevedra, en sesión do 24 de febreiro de 2023, aprobou a actualización do Catálogo de estradas da rede provincial da Deputación de Pontevedra a 31 de decembro de 2022 (BOPPO de 17 de marzo de 2023).

2.- Durante o ano 2023 e o primeiro trimestre de 2024, formalizáronse e publicáronse no BOPPO actas de entrega a distintos concellos de viais ou treitos dos mesmos logo de se executar neles obras de mellora. Ademais como resultado de recentes medicións topográficas en varias estradas producíronse lixeiras variacións nas lonxitudes totais das mesmas.

A 1 de abril de 2024, a lonxitude total da rede provincial de estradas é de 1.652 quilómetros e 918 metros, incluíndo os treitos antigos dos distintos viais.

Consideracións.

1ª Lexislación aplicable

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.
- Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.



2ª Actualización preceptiva.

O Catálogo de Estradas é un rexistro público administrativo que debe ser actualizado permanentemente.

A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e o Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o seu Regulamento establecen nos seus artigos 10.4 e 21, respectivamente, que as entidades locais aprobarán os catálogos de estradas da súa titularidade, así como as respectivas modificacións e actualizacións posteriores.

3ª O xefe dos servizos técnicos de Infraestruturas informou, en data 4 de abril de 2024, sobre as variacións producidas ao longo de 2023 e o primeiro trimestre de 2024 (con CSV: ATIL4FKL8X4VUY62). No antedito informe relaciónanse as seguintes modificacións:

1).- Transferencias de Viais

EP-0506 Curro – Portela. Transferiuse ao Concello de Barro un treito antigo de 118 metros lineais.

EP-0509 Ramal da Igrexa – Portela: Transferiuse a estrada na súa totalidade ao Concello de Barro.

EP-1001 Cangas – Coiro – A Madalena: Transferíronse ao Concello de Cangas os primeiros 2.080 metros do vial, pasando a ter unha lonxitude de 2.718 metros.

EP-1101 Moaña - Verducedo: Transferíronse ao Concello de Moaña os primeiros 260 metros do vial, pasando a ter unha lonxitude de 2.417 metros.

EP-1204 Acceso á Praia de Loira: Transferíronse ao Concello de Marín os últimos 160 metros do vial, pasando a ter unha lonxitude de 530 metros.

EP-1205 Acceso á Praia de Aguite: Transferiuse a estrada na súa totalidade ao Concello de Marín.



EP-2105 Panxón – O Monteferro: Transferiuse a estrada na súa totalidade ao Concello de Nigrán.

EP-2301 Gondomar – Peitieiros: Transferíronse ao Concello de Gondomar os primeiros 110 metros do vial, pasando a ter unha lonxitude de 3.212 metros.

EP-2302 Gondomar – Chaín – Morgadáns: Transferíronse ao Concello de Gondomar os primeiros 110 metros do vial, pasando a ter unha lonxitude de 3.212 metros.

EP-2502 O Cerquido – Ribadelouro: Transferiuse ao Concello de Salceda de Caselas un treito antigo de 106 metros e un treito intermedio de 275 metros e o Concello transferiu á Deputación de Pontevedra un treito de 275 metros no lugar do Casal. Como resultado destas variacións a estrada ten na actualidade unha lonxitude total de 2.804 metros.

EP-2802 Acceso a Calvos. Transferiuse ao Concello de Fornelos de Montes a estrada na súa totalidade.

EP-3004 Acceso á Igrexa de Caldelas. Transferiuse ao Concello de Tui a estrada na súa totalidade.

EP-4006 Pontearreas – As Neves: Transferiuse ao Concello de Pontearreas os primeiros 50 metros da estrada principal e 2 treitos antigos no lugar de Leirado e na avenida Sarmiento Rivera. Como consecuencia destas transferencias a estrada pasa a ter unha lonxitude de 12.631 metros.

EP-4102 Leirado – Lira: Transferiuse ao Concello de Salvaterra de Miño un treito antigo de 358 metros lineais.

EP-4201 Setados – Ribarteme – Vide: Transferíronse ao Concello de As Neves 5 treitos antigos de 111, 70, 76, 118 e 61 metros lineais.

EP-4202 Tortoreos – Rubiós – Carrasqueira: Transferiuse ao Concello de As Neves un treito antigo na zona da Lomba de 831 metros lineais.



EP-4204 As Neves – Estación: Transferiuse ao Concello de As Neves o treito inicial da estrada, de 550 metros, resultando unha lonxitude final de 1.460 metros.

EP-6306 Agolada - Cruces: Transferíronse ao Concello de Agolada os últimos 345 metros do vial, pasando a ter unha lonxitude de 16.688 metros.

EP-6403 As Cruces - Brocos: Transferíronse ao Concello de Vila de Cruces os primeiros 73 metros do vial, pasando a ter unha lonxitude de 9.076 metros.

EP-6402 Portodemouros – Ponte de San Xusto. Transferiuse ao Concello de Vila de Cruces un treito antigo de 298 metros lineais (antiga ponte de San Xusto).

EP-8405 Portela – Couselo: Transferiuse ao Concello de Cuntis a estrada na súa totalidade e un treito antigo de 77 metros no lugar de Portela.

EP-8503 Cordeiro – Senín: Transferiuse ao Concello de Valga un treito antigo de 197 metros lineais no lugar de Forno.

EP-9002 Fefiñáns – Oubiña: Transferiuse ao Concello de Cambados un treito antigo de 86 metros lineais no lugar de Agreixón.

EP-9101 O Grove – San Vicente: Transferíronse ao Concello de O Grove 4 treitos antigos de 143, 106, 104 e 160 metros lineais respectivamente.

EP-9212 Noalla – Praia da Lanzada: Transferiuse ao Concello de Sanxenxo a estrada na súa totalidade.

EP-9306 Covas – Padrenda: Transferiuse ao Concello de Meaño un treito antigo de 111 metros lineais no lugar de Covas.

EP-9401 Travesía de Meis – San Salvador – Enlace coa Autovía (AG-41): Transferiuse ao Concello de Meis a estrada na súa totalidade.

EP-9407 A Goulla – Porráns: Transferiuse ao Concello de Meis un treito antigo de 106 metros lineais no lugar de Perdecanaí.



2).- Correccións de lonxitudes de viais

As correccións nas lonxitudes totais dos viais provinciais son resultado de recentes levantamentos e medicións topográficas realizadas nos eixes das mesmas. A relación de estradas que varían a súa lonxitude é a seguinte:

EP-0503 Mane – Rebón: Pasa de 3.624 a 3.616 metros de lonxitude total.

EP-0504 Perdecanaí – Triaba: Pasa de 2.212 a 2.209 metros de lonxitude total.

EP-0506 Curro – Portela: Pasa de 3.692 a 3.673 metros de lonxitude total.

EP-0602 Portosanto – Lourido – Campelo: Pasa de 3.610 a 3.604 metros de lonxitude total.

EP-0603 PO-308 – Muiño – Campañó: Pasa de 2.365 a 2.367 metros de lonxitude total.

EP-1102 Meira – Fraga: Pasa de 5.234 a 5.227 metros de lonxitude total.

EP-1307 Acceso á Praia de Lapamán: Pasa de 181 a 184 metros de lonxitude total.

EP-2404 Acceso a Chenlo: Pasa de 1.256 a 1254 metros de lonxitude total.

EP-2405 O Cerquido – Budiño: Pasa de 2.383 a 2.353 metros de lonxitude total.

EP-2501 Salceda – A Picoña: Pasa de 5.472 a 5.473 metros de lonxitude total.

EP-2502 O Cerquido – Ribadelouro: Debido ás transferencias realizadas e á actualización do eixe pola realización dun levantamento topográfico a estrada pasa a ter unha lonxitude total de 2.804 metros.

EP-2503 O Cerquido – Borralliño: Pasa de 3.547 a 3.539 metros de lonxitude total.

EP-2504 Entenza – Soutelo: Pasa de 2.548 a 2.546 metros de lonxitude total.



EP-2601 Mos – Puxeiros: Pasa de 5.665 a 5.660 metros de lonxitude total.

EP-2602 Peinador – Louredo: Pasa de 4.408 a 4.396 metros de lonxitude total.

EP-2603 Puxeiros – Peinador: Pasa de 2.735 a 2.733 metros de lonxitude total.

EP-2604 Puxeiros a EP O Meixoeiro – CUVI: Pasa de 1.358 a 1.347 metros de lonxitude total.

EP-2605 Rebullón a EP O Meixoeiro – CUVI: Pasa de 2.974 a 2.972 metros de lonxitude total.

EP-2701 Pazos – A Ermida: Pasa de 3.148 a 3.135 metros de lonxitude total.

EP-2702 Amoedo – Os Valos: Pasa de 7.971 a 7.958 metros de lonxitude total.

EP-2703 Pazos - Pontearreas: Pasa de 14.861 a 14.857 metros de lonxitude total.

EP-2704 Sequeiros – Cuartos de Borbén: Pasa de 1.146 a 1.149 metros de lonxitude total.

EP-3104 Avenida do Baixo Miño. Pasa de 1.318 a 1.288 metros de lonxitude total.

EP-4002 Celeiros – Olivieira: Pasa de 1.135 a 1.133 metros de lonxitude total.

EP-4005 Areas – Alxán – Cabreira: Pasa de 12.093 a 12.118 metros de lonxitude total.

EP-5101 Covelo – A Lamosa: Pasa de 3.848 a 3.844 metros de lonxitude total.

EP-5102 A Lamosa – A Franqueira – As Achas: Pasa de 16.173 a 16.140 metros de lonxitude total.



EP-5103 Prado - Moncelos: Pasa de 4.051 a 4.037 metros de lonxitude total.

EP-5104 Maceira - Avión: Pasa de 10.650 a 10.641 metros de lonxitude total.

EP-5105 Maceira – A Graña: Pasa de 10.250 a 10.229 metros de lonxitude total.

EP-5106 Covelo - Barcia de Mera: Pasa de 8.056 a 8.048 metros de lonxitude total.

EP-5107 Covelo – Paraño: Pasa de 3.097 a 3.089 metros de lonxitude total.

EP-5201 Arbo – Cabeiras - Barcela: Pasa de 4.192 a 4.188 metros de lonxitude total.

EP 5202 Arbo - Embarcadoiro: Pasa de 1.165 a 1.161 metros de lonxitude total.

EP-5204 Ermida - Cequeliños: Pasa de 3.444 a 3.438 metros de lonxitude total.

EP-5205 A Lomba - Albeos: Pasa de 3.993 a 3.976 metros de lonxitude total.

EP-5206 Acceso a Luneda: Pasa de 2.954 a 2.955 metros de lonxitude total.

EP-6001 Lalín – Botos - Gresande: Pasa de 6.738 a 6.741 metros de lonxitude total.

EP-6002 Botos – Mouriscade – A Xesta e ramal: Pasa de 4.272 a 4.267 metros de lonxitude total.

EP-6301 Borraxeiros – San Miguel: Pasa de 4.499 a 4.490 metros de lonxitude total.

EP-9004 Corvillón - Tragove: Pasa de 1.340 a 1.337 metros de lonxitude total.

EP-9005 Corvillón - Tremoedo: Pasa de 3.190 a 3.185 metros de lonxitude total.



EP-9202 Nanín – Igrexa de Bordóns: Pasa de 790 a 756 metros de lonxitude total.

EP-9208 Noalla - Aios: Pasa de 4.908 a 4.890 metros de lonxitude total.

Cada unha das baixas consecuencia de transferencias aos concellos foi informada favorablemente pola Secretaría Xeral e polo Servizo de Intervención e aprobada polo Pleno.

4ª Procedemento

De acordo co disposto no artigo 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local a aprobación da actualización e modificación dos Catálogos de Estradas corresponde ao Pleno por maioría simple.

Segundo dispón o artigo 21.3 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, o acordo que se adopte deberase comunicar á Consellería competente, para os efectos de coordinación do sistema viario da Comunidade Autónoma.

Polo que antecede, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos públicos e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar a actualización do Catálogo de Estradas da Deputación Provincial de Pontevedra a 1 de abril de 2024 conforme ao documento técnico asinado polo Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas que consta no expediente co CSV: ATIL4FKL8X4VUY62.

O Catálogo estará a disposición pública na Sede Electrónica da Deputación Provincial de Pontevedra.

Segundo. Comunicarlle este acordo á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas para os efectos previstos no artigo 21.4 do Regulamento da Lei de Estradas de Galicia.



Terceiro. Ordenar a publicación do presente acordo no BOPPO e no Portal de Transparencia da Deputación Provincial de Pontevedra.

9.8180.- **PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA PARA AMPLIACIÓN DE CARGOS CO RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA E PARCIAL E MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO PERSOAL EVENTUAL (EXPTE.- 2024025378-2024024505)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ZjIzOWM0OWUtY2U5MC00ZWl5LTIjZmQtOWI1YWl5OWFINDVI&start=689>

Resultando que por Proposición da Presidencia sométese ao Pleno da Corporación Provincial unha ampliación da relación de cargos co réxime de dedicación exclusiva e parcial, a determinación das súas retribucións e a creación dun novo posto de persoal eventual.

Resultando que en dita proposta contéplase o número de cargos, importe das retribucións e réxime dedicacións, así como a creación dun posto de administrativo/a na relación de postos de traballo de persoal eventual, de confianza e asesoramento especial.

Resultando que o número de cargos públicos que existen neste momento na Deputación provincial en réxime de dedicación, incluídos estes de nova creación, e as súas retribucións non exceden dos límites previstos nos artigos 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), sendo inferior ao que lle corresponde, que ascende a un total de 18.

Resultando que do mesmo xeito, o número de postos de persoal eventual, que ascende a un total de 26 incluído este de nova creación, non supera o límite contemplado no artigo 104 bis da LRBRL, sendo inferior ao que lle corresponde polo tramo asignado ás Corporacións dos Municipio máis poboados da Provincia (máximo 27).



Resultando que o custo laboral total que deriva da asignación destas dedicacións, así como do incremento dun posto na RPT de persoal eventual, recóllese no seguinte cadro:

Custo total por 8 meses	Retribución anual	Retribucións 8 meses	Seg. social 8 meses	Total 8 meses 2024
1 Dedicación exclusiva	69.541,13 €	45.551,07 €	15.022,74 €	60.573,81 €
1 Dedicación parcial do 50%	34.770,57 €	22.775,54 €	7.511,37 €	30.286,91 €
1 Posto de Persoal eventual administrativo/a	31.310,00 €	20.508,79 €	6.501,29 €	27.010,08 €

Resultando que nas aplicacións orzamentarias correspondentes a altos cargos 24/900.9120.100.00 e 24/900.9120.160.01, así como nas destinadas a persoal eventual 24/912.9120.110.01 e 24/912.9120.160.02 existe crédito suficiente para afrontar o pago do custo salarial total dos seguintes 8 meses do ano 2024.

Considerando que segundo o disposto no artigo 75 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), e artigo 13 do Real decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais (ROF), os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pagamento das cotas empresariais que corresponda. A súa percepción será incompatible con calquera outra retribución con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e dos Entes, Organismos e Empresas delas dependentes.

Considerando que o recoñecemento da dedicación exclusiva a un membro da Corporación esixirá a dedicación preferente do mesmo ás tarefas propias do seu cargo, sen prexuízo doutras ocupacións marxinais que, en calquera caso, non poderán causar detrimento á súa dedicación á Corporación. No caso de que tales ocupacións sexan remuneradas requirirase unha declaración formal de compatibilidade por parte do Pleno da entidade local.

Considerando que o Pleno corporativo, a proposta do Presidente, determinará, dentro da consignación global contida para tal fin no orzamento, a relación de cargos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de



dedicación exclusiva e, por tanto, con dereito a retribución, así como as contías que correspondan a cada un deles en atención ao seu grao de responsabilidade. O nomeamento dun membro da Corporación para un destes cargos só supoñerá a aplicación do réxime de dedicación exclusiva se é aceptado expresamente por aquel, en cuxo caso esta circunstancia será comunicada ao Pleno da seguinte sesión ordinaria.

Considerando que os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva a estas, en cuxo caso serán igualmente dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo as Corporacións as cotas empresariais que corresponda. As devanditas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, se é o caso, nas Leis de Presupostos Xerais do Estado. Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven aparellada esta dedicación parcial e das retribucións destes, deberase conter o réxime da dedicación mínima necesaria para a percepción das devanditas retribucións.

Considerando que todos os membros da Corporación, incluídos os que desempeñen cargos en réxime de dedicación exclusiva, terán dereito a recibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación documental, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas e as que neste sentido aprobe o Pleno corporativo.

Considerando que as Corporacións locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións e asistencias que correspondan, dentro dos límites que con carácter xeral se decreten, no seu caso. Estas deberán publicarse integramente no "Boletín Oficial" da Provincia e taboleiro de anuncios da Corporación.

Considerando que tal e como establece o artigo 75 bis, do referido texto legal, os membros das Corporacións Locais serán retribuídos polo exercicio do seu cargo nos termos sinalados no apartado anterior e nos orzamentos xerais do Estado determinarase, anualmente, o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións Locais por todos os conceptos retributivos e



asistencias, atendendo, entre outros criterios, á natureza da Corporación local e á súa poboación segundo a táboa que se detalla neste artigo.

Considerando que a disposición vixésimo sétima da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado (LPXE) para o 2023, marca o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións Locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios aos que, no seu caso, teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se encontren na situación de servizos especiais.

Considerando que a través da Lei 20/2013, de 27 de decembro, límitase o número dos cargos públicos das Entidades Locais con dedicación exclusiva, que deberá axustarse ó previsto no citado artigo 75 ter, no que se recolle o número máximo de membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva nas Deputacións provinciais será o mesmo que o do tramo correspondente á Corporación do municipio máis poboado da súa provincia, é dicir: *“nos Concellos de Municipios con poboación comprendida entre 100.001 e 300.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá de dezaoito”*.

Considerando que o número das dedicacións parciais non está limitado, así mesmo, tampouco se establece cal é a porcentaxe máxima de dedicación das mesmas, pero sobre esta última cuestión hai algúns pronunciamentos xudiciais nos que se establece como límite un máximo do 75 por cento da dedicación exclusiva.

Considerando que o artigo 33.2 f) da LRBRL atribúe ó Pleno da Deputación a aprobación do cadro de persoal, a relación de postos de traballo e a determinación do número e réxime do persoal eventual.

Considerando que o artigo 104 da referida Lei 7/85 indica que o número, características e retribucións do persoal eventual determinarase polo Pleno de cada Corporación, ó comezo do seu mandato e que estas determinacións só poderán modificarse con motivo da aprobación dos Orzamentos anuais, entendéndose incluídas tamén o das súas modificacións. O nomeamento e o cesamento destes funcionarios é libre e corresponde ó Alcalde ou ó Presidente da entidade local correspondente. Cesan automaticamente en todo caso cando se produza o cesamento ou expire o mandato da autoridade á que presten a



súa función de confianza ou de asesoramento. Os nomeamentos de funcionarios de emprego, o réxime das súas retribucións e a súa dedicación publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e, no seu caso, no propio da Corporación.

Considerando que no mesmo sentido, o artigo 176 do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL) remítese ó establecido no artigo 104 da Lei 7/1985, de 2 de abril respecto ó persoal eventual, sinalando que estes postos deberán figurar no cadro de persoal da Corporación e reunir as condicións específicas que se esixan ós funcionarios que poidan desempeñar ditos postos.

Considerando que o artigo 12 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP), considera persoal eventual o que, en virtude de nomeamento e con carácter non permanente, só realiza funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial, sendo retribuído con cargo ós créditos orzamentarios consignados para este fin.

Considerando que a última regulación sobre o réxime xurídico, nomeamento e cesamento deste persoal aparece na Lei 2/2015, do emprego público de Galicia (LEPG), en cuxo artigo 29 delimita as funcións de confianza ou asesoramento especial a aquelas nas que concorran as seguintes circunstancias:

- a) Asesoramento vinculado o desempeño e formulación de estratexias e propostas de actuación ou difusión no ámbito das competencias da autoridade que efectuou o nomeamento, o apoio que supoña unha colaboración de carácter reservado.
- b) Non estar reservadas a persoal funcionario.
- c) Especial dedicación e dispoñibilidade horaria.

Considerando que o persoal eventual en ningún caso pode realizar actividades ordinarias de xestión ou de carácter técnico, nin ningunha das funcións que corresponden ó persoal funcionario de carreira.

Considerando que o artigo 104 bis da LRBRL vén a ampliar a regulación existente do persoal eventual, engadindo no apartado 4 de dito artigo que o



persoal eventual terá que asignarse sempre ós servizos xerais das Entidades Locais en cuxo cadro de persoal apareza consignado, aínda que, excepcionalmente, poderán asignarse, con carácter funcional, a outros dos servizos ou departamentos da estrutura propia da Entidade Local, se así o reflectise expresamente o seu Regulamento Orgánico.

Considerando que o número de postos de traballo de persoal eventual nas Deputacións será o mesmo que o do tramo correspondente ó da Corporación do Municipio máis poboado da Provincia (ao ser Vigo o máis poboado, cun tramo de entre 75.001 y 500.000, ten como límite o número de concelleiros da Corporación, que na Deputación ascende a 27).

En base ós antecedentes e fundamentación xurídica exposta, e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG:

PRIMEIRO: Modificar a relación de cargos da Corporación Provincial co réxime de dedicación exclusiva e parcial para incluír os seguintes:

Grupo Político	CARGO	Nº	% Dedicación	RETRIBUCIÓN ANO	RETRIBUCIÓN 01/05/2024-31/12/2024	Custo Patronal 01/05/2024-31/12/2024
PSOE	Dedicación exclusiva	1	100%	69.541,13 €	45.551,07 €	15.022,74 €
PSOE	Dedicación parcial	1	50%	34.770,57 €	22.775,54 €	7.511,37 €

A asignación destas dedicacións terán efectos dende a data de aceptación dos cargos.

Os nomeamentos dos membros da Corporación para estes cargos deberán ser aceptados expresamente, tal e como dispón o citado artigo 13 do ROF. De ser así terá que comunicarse esta circunstancia ó Pleno na seguinte sesión ordinaria.

O custo total do período comprendido entre o 01/05/2024 e o 31/12/2024 ascende a 68.326,61 € en concepto de retribucións e a 22.534,11 € en concepto de seguridade social, cantidades que se imputarán ás aplicacións orzamentarias 24/900.9120.110.00 e 24/900.9120.160.01.



Unha vez aprobado o réxime destas novas dedicacións, corresponde ó Presidente o nomeamento dos membros da Corporación que pasarán a desempeñar os devanditos cargos.

Este acordo será publicado na forma prevista no apartado 5 do artigo 75 da LRBRL, e no portal de transparencia da Deputación, en cumprimento do estipulado no artigo 8.1 f) da Lei 19/2013 de 9 de decembro.

SEGUNDO: crear un posto de traballo de administrativo/a na RPT de persoal eventual, de confianza e asesoramento especial, nos termos que se detallan no seguinte cadro, en consideración ao previsto no artigo 176 do TRRL, artigos 104 e 104 bis da LRBRL, artigo 12 do TRLEBEP, e artigo 29 a 31 e 201 da LEPG:

Nº	CARGO	GR	Retribución Anual	Retribución 8 meses	Coste Patronal: 8 meses
1	Administrativo/a (PSOE)	C1	31.310,00 €	20.508,79 €	6.501,29 €

O custo salarial total para este ano 2024, por oito meses, ascende a 20.508,79 € en concepto de retribucións, e 6.501,29 € en concepto de seguridade social, cantidades que se imputarán ás aplicacións orzamentarias 24/912.9120.110.01 e 24/912.9120.160.02.

Este expediente de modificación da relación de postos de traballo do persoal, exporase ao público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación da relación de postos de traballo do persoal, entenderase definitivamente aprobado no



caso de que no prazo de exposición pública non se formulasen reclamacións contra o mesmo.

Nas resolucións de nomeamento indicárase o contido das funcións, tarefas ou labores encomendadas, propios dos servizos xerais da Corporación Provincial para a súa posterior inclusión na relación de postos de traballo da Corporación.

Esta retribución será actualizada en función do establecido na Lei de orzamentos xerais do Estado de cada ano.

Este acordo será publicado na forma prevista no apartado 5 do artigo 104 bis da LRBRL, e no portal de transparencia da Deputación en aplicación do artigo 8.1 f) da Lei de transparencia.

O nomeamento do persoal eventual, tamén serán obxecto de publicación nos lugares que se determinan no apartado anterior.

Por último, o presidente da Deputación informará ó Pleno con carácter trimestral do número, características e retribucións do persoal eventual.

10.8181.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) SOLICITANDO AO GOBERNO DE ESPAÑA A EXECUCIÓN INMEDIATA DAS OBRAS PARA COMPLETAR O PASEO MARÍTIMO ENTRE PONTEVEDRA E MARÍN (EXPTE.- 2024025806)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ZjIzOWM0OWUtY2U5MC00ZWl5LTljZmQtOWI1YWlxOWFINDVI&start=865>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por unanimidade, aceptar a emenda presentada polo Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) de substitución do punto 1, e na súa consecuencia aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) solicitando ao Goberno de España a execución inmediata das obras para completar o Paseo Marítimo entre Pontevedra e Marín.



Dita Moción é como segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os concellos de Pontevedra e Marín levan reclamando, durante os últimos anos, que se complete a construción do paseo marítimo peonil que conecta ambos municipios de xeito paralelo á estrada PO-11 despois da posta en funcionamento dun primeiro treito entre a capital provincial, á altura da chamada rotonda de Malvar, e o nó de Mollavao nas inmediacións da factoría de ENCE.

De feito, dita actuación, a través dunha pasarela de máis de 700 metros sobre a lámina de auga da ría de Pontevedra entre Mollavao e Os Praceres, chegou a ser incluída nos Orzamentos Xerais do Estado do ano 2022 cunha partida de 1,7 millóns de euros e incluso procedeu a licitarse e adxudicarse por 2,5 millóns en xuño de 2020, aínda que as obras nunca chegaron a iniciarse en base a supostos problemas técnicos detectados pola Dirección General de Costas.

Sen embargo, neste mesmo mes de abril a responsable deste organismo estatal, Ana Oroño, e demais representantes do Ministerio de Transición Ecolóxica anunciaron publicamente a súa intención de paralizar dita actuación -aínda que parece que a decisión xa estaba tomada e ocultouse á cidadanía-, cambiando de criterio con respecto á execución deste paseo, alegando os problemas que ocasionaría pilotar dita infraestrutura sobre a ría invadindo a ribeira do mar e recalcando que se estaría incumprindo a lexislación de Costas.

Desde o Partido Popular queremos expresar o noso asombro ante estes feitos, xa que, ou ben o Ministerio de Transición Ecolóxica deseñou e chegou a contratar a execución dun proxecto ilegal segundo a normativa aprobada por el mesmo, ou ben este cambio de criterio e a anulación deste proxecto teñen connotacións de carácter político para castigar, sen que saibamos os motivos, aos concellos de Pontevedra e Marín, que están gobernados polo BNG e o PP, respectivamente, e nos que o PSOE, que sustenta ao Goberno de España, está fóra dos seus executivos.

Deste xeito, consideramos sorprendente que o citado Ministerio avanzara tanto nun proxecto, ata chegar a adxudicalo, se non cumpría a lexislación



como agora afirma, e tampouco entendemos que sosteña que se están a buscar alternativas para a súa execución sen invadir a ría de Pontevedra. Por elo, consideramos que este anuncio está orientado exclusivamente a conter o malestar e a contestación social dunha obra que esperta unha absoluta unanimidade entre a veciñanza de Pontevedra e Marín e que responde a unha vella arela de ambos concellos.

Ademais, queremos lembrar que a obra para completar este paseo marítimo viña recollida no pacto entre o PSOE e o BNG para a investidura de Pedro Sánchez como presidente do Goberno, polo que non podemos deixar de lamentar, unha vez máis, outro incumprimento do mesmo e que demostra que, ademais de ser papel mollado, vólvese a actuar en claro prexuízo dos intereses de Galicia, da provincia de Pontevedra e dos seus territorios.

Por elo, compartimos as queixas e as esixencias de rectificación inmediata expresadas polos máximos responsables do Partido Popular en Pontevedra e Marín, o vicepresidente provincial Rafa Domínguez e a alcaldesa María Ramallo, e lamentamos fondamente a postura do PSOE pontevedrés, que inicialmente se posicionou rotundamente contra esta decisión de paralización por parte de Transición Ecolóxica e posteriormente suavizou a súa postura alegando que se está a buscar unha solución que o único que vai provocar é un novo retraso nunha obra que leva vinte anos sobre a mesa.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

1.- Solicitar ao Ministerio de Transición Ecolóxica a finalizar o proxecto denominado “Unión del Itinerario Peatonal entre Marín y Pontevedra”, mediante a busca urxente dunha alternativa que faga compatible esta necesidade e demanda dos veciños e veciñas de Pontevedra e Marín coa preservación da Costa, a loita contra o cambio climático e o respecto á lexislación vixente nesta materia.”

11.8182.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) DE REXEITAMENTO ANTE A PRIORIZACIÓN DO GOBERNO DE ESPAÑA NA



**COMPRA DE PARTICIPACIÓNS DA EMPRESA
PRIVADA TELEFÓNICA CON FONDOS
RESERVADOS ÁS ENTIDADES LOCAIS E CC.AA.
(EXPTE.- 2024025862)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ZjIzOWM0OWUtY2U5MC00ZWl5LTljZmQtOWI1YWl5OWFINDVl&start=2489>

O Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría de votos a favor do PP, cos votos en contra do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) de rexeitamento ante a priorización do Goberno de España na compra de participacións da empresa privada Telefónica con fondos reservados ás entidades locais e CC.AA.

Dita Moción é como segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de setembro, o fondo soberano de Arabia Saudita, Saudita Telecom Company (STC) sorprendeu ao adquirir un 4,9% de Telefónica e asinar unha opción para facerse con outro 5%. No mes de decembro, Moncloa encargou á Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI) comprar ata un 10% da operadora (valor superior aos 2.100 millóns de euros) en resposta á intención da saudita STC Group de facerse co 9,9% do seu capital.

A finais do mes de marzo, a Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI) de España entrou, tal e como se informou á Comisión Nacional do Mercado de Valores, no accionariado da empresa privada Telefónica, coa compra dun 3 % no capital de Telefónica, tras adquirir accións por valor de case 700 millóns de euros, co que a multinacional española, volve ter capital público por primeira vez desde a súa privatización en 1997.

Tan só uns días despois, a SEPI volve mercar accións da compañía ata acadar un 10% do accionado. Máis alá do feito de endebedarse en máis de 2.100



millóns de euros para comprar o 10% dunha empresa privada mentres o Estado o récord de débeda pública -1,57 billóns de euros-, as informacións acerca do emprego de fondos públicos consignados para os concellos e CC.AA. para financiar esta operación supoñen un grave menosprezo á difícil situación económica que atravesan, particularmente, as entidades locais.

Desde o Grupo Provincial do PP de Pontevedra denunciámos estas inexplicables prioridades do Goberno e a súa incapacidade na xestión económica, que día tras día, amosa unha falta de respecto absoluto ao municipalismo e condiciona a xestión dos nosos concellos, que son prestadores de servizos básicos para o conxunto dos cidadáns.

Así, á consabida incapacidade do actual Goberno de España para artellar sistema de financiamento suficiente que atenda á realidade de moitos municipios da provincia afectados por desafíos conxuntos como o reto demográfico, súmase este agravio ás entidades locais.

Este tipo de actuacións por parte do Goberno central revelan a irresponsabilidade na toma das decisións e a súa incompetencia, priorizando accións innecesarias e contrarias á lóxica do mercado cunha completa e vergoñenta ineficiencia na xestión dos recursos e servizos públicos autonómicos.

Nun momento no que moitos concellos de dentro e fóra da provincia atravesan grandes dificultades para sufragar gasto corrente -entre outros motivos, pola inflación-, urximos ao Estado a que aclare que os fondos consignados para as entidades locais e Comunidades Autónomas non se van destinar a financiar operacións empresariais, e pola contra, si van ir a parar a unha axeitada prestación dos servizos á cidadanía.

O que nunca faría un concelleiro no seu pobo é desviar os recursos destinados a atender ao seu municipio para outras operacións.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO



1. Urxir ao Goberno de España a que transfira na súa totalidade os fondos xa consignados aos municipios, co obxectivo de garantir unha suficiente e axeitada prestación dos servizos.
2. Instar ao Goberno de España a que consensúe un sistema de financiamento suficiente que garanta a prestación efectiva dos servizos, que atenda a realidades comúns na provincia como o reto demográfico ou a dispersión e palíe as dificultades financeiras que atravesan os concellos con carácter xeral.”

12.8183.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) DE REPROBACIÓN ÁS PALABRAS DO PRESIDENTE DO GOBERNO POLO SEU DESPREZO AO MUNICIPALISMO (EXPTE.-2024025865)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ZjIzOWM0OWUtY2U5MC00ZWl5LTIjZmQtOWI1YWlXOWFINDVI&start=3762>

Antes de iniciarse este punto da orde do día auséntanse da sesión todos os membros do Grupo Provincial Socialista.

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría de votos a favor do PP e cos votos en contra do BNG, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) de reprobación ás palabras do Presidente do Goberno polo seu desprezo ao municipalismo.

Dita Moción é como segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mércores 13 de marzo, na Sesión de Control ao Goberno no Congreso dos Deputados, o Presidente do Goberno na súa réplica ao líder da oposición realizou, entre outras, unha manifestación que indignou ao municipalismo español ao dicir: “no meu partido vostede non chegaría nin a



concelleiro de pobo”, o que supón un durísimo ataque e un absoluto desprezo aos miles de concelleiros, que diariamente se deixan a pel polos seus veciños, e ao conxunto do mundo rural español.

Ditas manifestacións, realizadas nun contexto de máximo nerviosismo do Presidente ao verse acurrado polos casos de corrupción que aniñan no seo do seu Goberno e o seu partido, non teñen xustificación algunha, faltan á verdade, son profundamente inxustos e ademais gratuítos.

Xamais na historia da nosa democracia un Presidente do Goberno atacara sistematicamente ao resto de administracións e institucións do Estado, faino continuamente coas Comunidades Autónomas e os seus lexítimos presidentes e agora tamén cos máis de 8.000 concellos que diariamente traballan por mellorar a vida dos seus veciños asumindo competencias do Estado que o Presidente do Goberno é incapaz de atender.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

- 1.Reprobar as palabras pronunciadas polo Presidente do Goberno no Congreso dos Deputados na súa sesión do 13 de marzo pasado coas que demostra o seu menosprezo ao municipalismo e aos miles de concelleiros cuxo traballo ten minusvalorado e instarlle a retractarse publicamente.
- 2.Instar ao Goberno de Pedro Sánchez a cambiar a súa política contra o municipalismo español e que pase do ataque e a confrontación para cumprir cos seus compromisos e responsabilidades que reiteradamente incumpre, como son: un adecuado sistema de financiamento local, a aprobación do estatuto do pequeno municipio, un apoio real ao mundo rural e unha adecuada repartición dos fondos europeos entre as Entidades Locais españolas.”

Finalizado este punto da orde do día volven a incorporarse á sesión plenaria todos os membros do Grupo Provincial Socialista.

13.8184.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA



(PSdeG-PSOE), PARA ESIXIR DA XUNTA DE GALICIA UN PLAN INTEGRAL DE MELLORA DO FIRME E A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE SEGURIDADE VIARIA NAS ESTRADAS DE TITULARIDADE AUTONÓMICA (EXPTE.- 2024025866)

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ZjIzOWM0OWUtY2U5MC00ZWl5LlJlZmQtOWI1YWlxeOWFlNDVI&start=4246>

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría de votos en contra do PP e cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Xunta de Galicia un Plan Integral de mellora do firme e a adopción de medidas de seguridade viaria nas estradas de titularidade autonómica.

14.8185.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE), PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN UN PLAN DE ACCIÓN INTEGRAL DE MELLORA DAS ESTRADAS PROVINCIAIS ASÍ COMO QUE SE RECIBA ÁS ALCALDESAS E ALCALDES DA NOSA PROVINCIA (EXPTE.- 2024026822).**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ZjIzOWM0OWUtY2U5MC00ZWl5LlJlZmQtOWI1YWlxeOWFlNDVI&start=5384>

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, acorda por maioría de votos en contra do PP, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación un plan de acción integral de mellora das estradas provinciais así como que se reciba ás alcaldesas e alcaldes da nosa provincia.

15.8186.- **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**



Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ZjIzOWM0OWUtY2U5MC00ZWl5LTljZmQtOWI1YWl5OWFINDVI&start=7447>

Non houbo.

b) Parte de información e control:

16.8187.- **DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE MARZO DE 2024 (EXPTES.- 2024025376-2024021472)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ZjIzOWM0OWUtY2U5MC00ZWl5LTljZmQtOWI1YWl5OWFINDVI&start=7450>

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de marzo de 2024, asinado conxuntamente pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con datas 9 e 10 de abril de 2024, respectivamente, onde deixan constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións



locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior:

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de marzo de 2024 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES MARZO 2024

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Marzo	5,9718466289	5.035.737,97	10,6083741366	806.377,82	6,6118190427
Escola de Enfermería	Marzo	10,9016992553	24.150,58	0,0000000000	0,00	10,9016992553
Consortio de Incendios e Salvamento	Marzo	19,0807085859	26.584,78	9,6129094487	26.800,06	14,3277190678
Consortio Deza Tabeirós	Marzo	5,4706268700	7.522,35	9,7995264200	13.387,40	8,2421908455
TOTAL			5.093.995,68		846.565,28	6,7043365430

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que se cumpre co período medio de pago legalmente previsto.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 19 de abril de 2024 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de marzo de 2024 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e no Real Decreto



635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de marzo de 2024 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

17.8188.- **DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DURANTE O 1º TRIMESTRE DE 2024 DOS PRAZOS DE PAGO DE OBRIGAS EN RELACIÓN CO DISPOSTO NA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS (EXPTES.- 2024025381-2024021509)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ZjIzOWM0OWUtY2U5MC00ZWl5LTljZmQtOWI1YWl5OWFINDVl&start=7463>

A Intervención elaborou un informe sobre o cumprimento durante o 1º trimestre de 2024 dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, asinado conxuntamente pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 16 de abril de 2024, onde deixan constancia do seguinte:

“A Lei 15/2010 de modificación da lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais establece no seu artigo 4º que as corporacións locais elaborarán un informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas previstos en dita lei, informe que debe remitirse aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, ao das Comunidades Autónomas que teñan atribuída a tutela financeira das entidades locais. Dita información poderá ser utilizada polas Administracións receptoras para a elaboración dun informe periódico e de carácter público sobre o cumprimento de prazos para o pago por parte das Administracións Públicas.

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe de cumprimento pola Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería,



Consortio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios da Comarca do Deza e Tabeirós dos prazos para o pago das obrigas correspondente ao 1º trimestre de 2024, que se expón a continuación:

INFORME DE CUMPRIMENTO DE PRAZOS PARA O PAGO DE OBRIGAS CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2024

1. Con referencia á data de conformidade da factura

➤ Pagos realizados:

Pagos realizados	Período Medio pago (PMP) (días)	Pagos realizados no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fóra Período Legal Prazo	
		Nº Pagos	Importe total	Nº Pagos	Importe Total
Deputación de Pontevedra	7	2.745	14.065.480,76 €	5	1.580,15 €
Escola de Enfermería	11	9	29.883,71 €	0	0,00 €
Consortio Provincial	17	128	63.705,28 €	4	4.125,69 €
Consortio Deza e Tabeirós	9	49	31.359,52 €	0	0,00 €

➤ Facturas pendentes de pago:

Facturas pendentes de pago	Período Medio pendiente pago (PMPP) (días)	Pendentes de pago no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fóra Período Legal Prazo	
		Nº operacións	Importe total	Nº operacións	Importe Total
Deputación de Pontevedra	11	265	381.054,12 €	2	1.999,98 €
Escola de Enfermería	0	0	0,00 €	0	0,00 €
Consortio Provincial	0	0	0,00 €	0	0,00 €
Consortio Deza e Tabeirós	9	16	13.387,40 €	0	0,00 €

2. Intereses de demora pagados

Intereses de demora pagados	Número de pagos	Importe total intereses
Deputación de Pontevedra	0	0,00 €
Escola de Enfermería	0	0,00 €



Consortio Provincial	0	0,00 €
Consortio Deza e Tabeirós	0	0,00 €

En base ós cálculos detallados neste informe podemos concluír que se cumpre co prazo de pago a provedores legalmente establecido.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 19 de abril de 2024 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o cumprimento, pola Deputación de Pontevedra, Escola Universitaria de Enfermería, Consortio Provincial contra incendios e salvamento e Consortio contra incendios Deza Tabeirós, durante o primeiro trimestre de 2024.

De acordo co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o Pleno queda enterado do contido do informe trimestral da Intervención sobre o cumprimento, pola Deputación de Pontevedra, Escola Universitaria de Enfermería, Consortio Provincial contra incendios e salvamento e Consortio contra incendios Deza Tabeirós, dos prazos de pago de obrigas durante o primeiro trimestre de 2024.

18.8189.- **DAR CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO E AUDITORÍA DA DEPUTACIÓN A DESENVOLVER DURANTE O ANO 2024 (EXPTES.-2024025443-2024025139)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ZjIzOWM0OWUtY2U5MC00ZWl5LTljZmQtOWI1YWlxOWFINDVl&start=7463>

A Intervención con data 12 de abril de 2024, de conformidade co establecido no artigo 31 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local, elaborou un Plan Anual de Control Financeiro e Auditoría da Deputación de Pontevedra a desenvolver durante o ano 2024. O contido deste Plan é o seguinte:

“PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO E AUDITORÍA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA A DESENVOLVER DURANTE O ANO 2024



O Real Decreto 424/2017 prevé a obrigatoriedade de levar a cabo unha adecuada planificación do control financeiro. Para iso, introdúcese como requisito básico que o órgano interventor elabore e adopte un Plan Anual de Control Financeiro, do que deberá informar á Entidade Local, incluídas as modificacións ou alteracións que se produzan.

1. INTRODUCCIÓN

Desde o punto de vista técnico, o control interno estrutúrase en dúas modalidades, función interventora e control financeiro. Así mesmo, este configúrase en dous réximes de exercicio diferenciado: o control permanente e a auditoría pública, incluíndose en ambos, o control de eficacia.

Corresponde ao órgano interventor a organización e desenvolvemento dun modelo de control eficaz e para iso deberánselle habilitar os medios necesarios e suficientes.

O modelo asegurará, con medios propios ou externos, o control efectivo de, polo menos, o oitenta por cento do orzamento xeral consolidado do exercicio mediante a aplicación das modalidades de función interventora e control financeiro. No transcurso de tres exercicios consecutivos e en base a unha análise previa de riscos, deberá alcanzar o cento por cento do devandito orzamento.

Modalidades de control financeiro.

O Real Decreto 424/2017 distingue dúas modalidades de exercicio do control financeiro:

1. O exercicio do control financeiro na modalidade de **control permanente** que terá como obxectivo comprobar, de forma continua, que a actividade económico-financieira realizada polo sector público local axústase ao ordenamento xurídico e aos principios xerais de boa xestión financeira. O control permanente exercerase sobre a Entidade Local e os organismos públicos nos que se realice a función interventora.
2. O exercicio do control financeiro na modalidade de **auditorías públicas** que consistirá na verificación, realizada con posterioridade e efectuada de forma sistemática, da actividade económico-financieira do sector público local, mediante a aplicación dos procedementos de revisión selectivos contidos nas normas de auditoría e instrucións que dite a Intervención Xeral da Administración do Estado. Esta modalidade comprenderá as **auditorías de contas anuais**, de **cumprimento e operativas**.
 - 2.1. A **auditoría de contas**, que ten por obxecto a verificación relativa a se as contas anuais representan en todos os aspectos significativos a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados da entidade e, no seu caso, a execución do orzamento de acordo coas normas e principios contables e orzamentarios que lle son de aplicación e conteñen a información necesaria para a súa interpretación e comprensión adecuada. O órgano interventor da Entidade Local realizará anualmente a auditoría das contas anuais de:
 - a. Os organismos autónomos locais.
 - b. As entidades públicas empresariais locais.
 - c. As fundacións do sector público local obrigadas a auditarse pola súa normativa específica.



- d. Os fondos e os consorcios aos que se refire o artigo 2.2 do Regulamento.
 - e. As sociedades mercantís e as fundacións do sector público local non sometidas á obrigaón de auditarse, que se inclúan no plan anual de auditorías.
- 2.2. A **auditoría de cumprimento e a auditoría operativa**, nas entidades do sector público local non sometidas a control permanente, co fin último de mellorar a xestión do sector público local no seu aspecto económico, financeiro, patrimonial, orzamentario, contable, organizativo e procedemental.
3. No exercicio do control financeiro serán de aplicación as normas de control financeiro e auditoría pública vixentes en cada momento para o sector público estatal.

Planificación do control financeiro (artigo 31 do RD 424/2017).

O órgano interventor deberá elaborar un Plan Anual de Control Financeiro que recollerá as actuacións de control permanente e auditoría pública a realizar durante o exercicio.

O Plan Anual de Control Financeiro incluírá todas aquelas actuacións cuxa realización polo órgano interventor deriven dunha obriga legal e as que anualmente se seleccionen sobre a base dunha análise de riscos consistente cos obxectivos que se pretendan conseguir, as prioridades establecidas para cada exercicio e os medios dispoñibles.

O concepto de risco debe ser entendido como a posibilidade de que se produzan feitos ou circunstancias na xestión sometida a control, susceptibles de xerar incumprimentos da normativa aplicable, falta de fiabilidade da información financeira, inadecuada protección dos activos ou falta de eficacia e eficiencia na xestión.

Unha vez identificados os riscos será necesario asignar prioridades para seleccionar as actuacións para realizar. Desta maneira, realizarase unha avaliación para estimar a importancia do risco, utilizando tanto criterios cuantitativos como cualitativos, e atenderase á conveniencia de seleccionar controis con regularidade e rotación, evitando tanto repetir controis en actividades económico-financeiras cualificadas sen risco como que se xeren debilidades precisamente pola ausencia reiterada de control.

Identificados e avaliados os riscos, o órgano interventor elaborará o Plan Anual concretando as actuacións para realizar e identificando o alcance obxectivo, subxectivo e temporal de cada unha delas. O Plan Anual de Control Financeiro así elaborado será remitido a efectos informativos ao Pleno.

O Plan Anual de Control Financeiro poderá ser modificado como consecuencia da execución de controis en virtude de solicitude ou mandato legal, variacións na estrutura das entidades obxecto de control, insuficiencia de medios ou por outras razóns debidamente ponderadas. O Plan Anual de Control Financeiro modificado será remitido a efectos informativos ao Pleno.

Informes do control financeiro (artigo 35 do RD 424/2017).

O resultado das actuacións de control permanente e de cada unha das auditorías documentarase en informes escritos, nos que se expoñerán de forma clara, obxectiva e ponderada os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control. Así mesmo, indicaranse as



deficiencias que deban ser emendadas mediante unha actuación correctora inmediata, debendo verificarse a súa realización nas seguintes actuacións de control.

A estrutura, contido e tramitación dos mencionados informes axustarase ao establecido nas normas técnicas de control financeiro e auditoría ditadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado.

Destinatarios dos informes (artigo 36 do RD 424/2017).

Os informes definitivos de control financeiro serán remitidos polo órgano interventor ao xestor directo da actividade económico-financieira controlada e á Presidencia da Entidade Local, así como, a través desta última, ao Pleno para o seu coñecemento. A análise do informe constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Tamén serán enviados aos órganos que prevé o artigo 5.2 cando nos devanditos informes se apreciase a existencia de feitos que puidesen dar lugar, indiciariamente, ás responsabilidades que nel se describen.

A información contable das entidades do sector público local e, no seu caso, os informes de auditoría de contas anuais, deberán publicarse nas sedes electrónicas corporativas.

Esta mesma información deberá remitirse á Intervención Xeral da Administración do Estado, para a súa integración no rexistro de contas anuais do sector público regulado no artigo 136 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, de conformidade coas instrucións que se diten respecto diso.

Informe resumo (artigo 37 do RD 424/2017).

O órgano interventor deberá elaborar con carácter anual e con ocasión da aprobación da conta xeral, o informe resumo dos resultados do control interno sinalado no artigo 213 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O informe resumo será remitido ao Pleno, a través da Presidencia da Corporación, e á Intervención Xeral da Administración do Estado no curso do primeiro cuadrimestre de cada ano e conterá os resultados máis significativos derivados das actuacións de control financeiro e de función interventora realizadas no exercicio anterior.

A Intervención Xeral da Administración do Estado ditará as instrucións ás que haberán de axustarse o contido, estrutura e formato do informe resumen e deberá crear un inventario público que recolla os informes recibidos das Entidades Locais.

Plan de acción (artigo 38 do RD 424/2017).

A Presidencia da Corporación formalizará un plan de acción que determine as medidas para adoptar para emendar as debilidades, deficiencias, erros e incumprimentos que se poñan de manifesto no informe resumo referido no apartado anterior.

O plan de acción elaborase no prazo máximo de 3 meses desde a remisión do informe resumo ao Pleno e conterá as medidas de corrección adoptadas, o responsable de implementalas e o calendario de actuacións a realizar, relativos tanto á xestión da propia Corporación como á dos organismos e entidades públicas adscritas ou dependentes e das que exerza a tutela.

O plan de acción será remitido ao órgano interventor da Entidade Local, que valorará a súa adecuación para liquidar as deficiencias sinaladas e no seu caso os resultados obtidos, e informará o Pleno sobre a situación da corrección das debilidades postas de manifesto no



exercicio do control interno, permitindo así que o Pleno realice un seguimento periódico das medidas correctoras implantadas para a mellora das xestión económico financeira. Na remisión anual á Intervención Xeral da Administración do Estado do informe resumo dos resultados do control interno informárase, así mesmo, sobre a corrección das debilidades postas de manifesto.

2. PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2024.

2.1. ANTECEDENTES.

No ano 2015 púxose en marcha nesta entidade o control financeiro en materia de subvencións, procedéndose ao deseño e aprobación do primeiro Plan provincial de control financeiro restrinxido a dito ámbito.

Nos exercicios sucesivos procedeuse á aprobación e execución dos correspondentes plans anuais de control financeiro en materia de subvencións.

A entrada en vigor do Real Decreto 424/2017 regulou de xeito claro e indubitado a obriga de deseño e execución dun Plan anual de control financeiro e auditoría global.

No ano 2020 formulouse o primeiro Plan anual de control financeiro e auditoría, con ampliación do ámbito material do control, co obxecto de dar cumprimento ás principais esixencias legais nesta materia, incorporando novas actuacións de control financeiro (registro de facturas) e de auditoría de contas de entidades adscritas e dependentes.

O Plan anual 2021 concibiuse como unha continuidade do Plan anterior, sen incremento do ámbito do control, con inclusión do control financeiro en materia de subvencións, así como a auditoría de entidades adscritas e dependentes e auditoría do registro de facturas.

A definición do Plan para ao ano 2022 propuxo o mantemento das actuacións dos plans anteriores, con previsión da realización conxunta da auditoría do registro de facturas 2021 e 2020, control financeiro de subvencións, auditorías de contas obrigatorias, e ampliación do ámbito obxecto do control, incluíndo o control financeiro en materia de ingresos.

O Plan anual 2023 mantivo o ámbito obxectivo do control, incorporando a realización dos traballos de control financeiro en materia de ingresos previstos no anterior plan e pendentes de execución.

A importante carga de traballo da Intervención e limitación de medios e o solapamento condicionan a configuración do novo plan que, sen prexuízo da conveniencia e necesidade da ampliación, debe formularse en termos realistas de execución.

2.2. MEDIOS DISPOÑIBLES

Os medios persoais dispoñibles para a realización do control financeiro son limitados en canto a número e dedicación. O incremento da actividade de control, tanto no que atinxe ao reforzo do control financeiro en materia de subvencións, como a inclusión de novas áreas de control e auditoría, esixen necesariamente unha maior dotación de medios, ben sexa mediante incremento do número de efectivos asignados ás tarefas de control, ben mediante a colaboración con entidades privadas especializadas en control e auditoría, ou unha mestura de ambos.

Co obxecto de poder desenvolver un control financeiro e de auditoría de mínimos contouse coa colaboración de dúas firmas auditoras para a realización das auditorías das



contas 2019 e 2020 de entidades adscritas e dependentes (Consortio Provincial Contra Incendios, Consortio Contra Incendios Deza Tabeirós e Escola de Enfermería), así como para a realización dunha parte do control financeiro de subvencións, incluídos na programación dos dous anos anteriores. Non en tanto, a actividade de colaboración no control financeiro de subvencións non acadou o grado de eficacia e eficiencia que se esperaba, obrigando a unhas labores de seguimento e supervisión que ralentizaron a execución dos traballos con efectos moi limitados na redución da carga de traballo do persoal funcionario.

Vista a experiencia, consideramos como solución máis eficiente a realización do control con medios propios, sen prexuízo de colaboracións puntuais para controis singulares e moi especializados como as auditorías de contas, polo que o crecemento no ámbito do control debe vir acompasado necesariamente nun incremento da dotación de efectivos no medio prazo. A estes efectos os plans 2022 e 2023 concibíronse para a execución con medios propios, con colaboración dunha entidade auditora para a realización das auditorías dos Consortios.

Nesta mesma liña, o Plan 2024 executarase con medios propios, correspondendo a execución deste proxecto ao servizo de Contabilidade e Auditoría, cunha dotación actual de medios de tres persoas, o Xefe de Servizo e dúas Técnicas, baixo a dirección e colaboración da Viceinterventora. Non en tanto, cómpre destacar a previsión de execución neste exercicio dos traballos de implementación e posta en marcha do novo sistema contable e patrimonial, así como o deseño e formulación da contabilidade analítica, proceso que se executará baixo a dirección funcional da Viceinterventora e que esixirá un notable esforzo e dedicación do persoal do servizo de Contabilidade e Auditoría, o que condiciona de xeito substancial a execución deste plan.

2.3. CONTIDO.

A efectos de delimitar o contido do Plan Anual de control financeiro, diferenciamos actuacións de CONTROL PERMANENTE e actuacións de AUDITORÍA.

2.3.1 CONTROL PERMANENTE

No que tinxe ao CONTROL PERMANENTE podemos establecer una dobre clasificación das actuacións de control:

- Por un lado, podemos distinguir entre actuacións de control financeiro OBRIGATORIAS (existe unha norma legal e/ou regulamentaria que configuran o control con carácter preceptivo) e VOLUNTARIAS (previamente seleccionadas en función dun análises de riscos).
- Doutro, podemos distinguir entre actuacións de control financeiro PLANIFICABLES e NON PLANIFICABLES. As primeiras poden derivar ou non dunha obriga legal e se realizan con carácter xeral a posteriori empregando técnicas ou procedementos de auditoría. As segundas (non planificables) derivan dunha obriga legal e se efectúan no momento e coas condicións previstas na normativa reguladora, segundo as esixencias do procedemento.

A. Actuacións de control permanente derivadas dunha obriga legal ou regulamentaria (OBRIGATORIAS)



O artigo 4 do Real Decreto 128/2018 sinala unha serie de materias ou procedementos suxeitas a control financeiro con carácter preceptivo. Na restante normativa de aplicación no ámbito das entidades locais, atopamos outras actuacións en materia de informe ou control atribuídas á Intervención con carácter preceptivo e que, ao non revestir o carácter de fiscalización/intervención previa, se inclúen no control financeiro e, por conseguinte neste Plan Anual.

Artigo 4 do Real Decreto 128/2018:

“El ejercicio del control financiero incluirá, en todo caso, las actuaciones de control atribuidas en el ordenamiento jurídico al órgano interventor, tales como:

- 1. El control de subvenciones y ayudas públicas, de acuerdo con lo establecido en la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.*
- 2. El informe de los proyectos de presupuestos y de los expedientes de modificación de estos.*
- 3. La emisión de informe previo a la concertación o modificación de las operaciones de crédito.*
- 4. La emisión de informe previo a la aprobación de la liquidación del Presupuesto.*
- 5. La emisión de informes, dictámenes y propuestas que en materia económico-financiera o presupuestaria le hayan sido solicitadas por la presidencia, por un tercio de los Concejales o Diputados o cuando se trate de materias para las que legalmente se exija una mayoría especial, así como el dictamen sobre la procedencia de la implantación de nuevos Servicios o la reforma de los existentes a efectos de la evaluación de la repercusión económico-financiera y estabilidad presupuestaria de las respectivas propuestas.*
- 6. Emitir los informes y certificados en materia económico-financiera y presupuestaria y su remisión a los órganos que establezca su normativa específica.”*

Outras actuacións de control financeiro obrigatorias previstas na normativa legal aplicable ás entidades locais son as seguintes:

a. As previstas na Lei Orgánica 2/2012 e RD 1463/2007. Entre outras:

- As consideracións en materia de estabilidade e sustentabilidade que deben ser obxecto de valoración con carácter previo á aprobación das disposicións regulamentarias, en fase de elaboración e aprobación, os actos administrativos, os contratos e os convenios de colaboración, así como calquera outra actuación que afecte aos gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros (artigo 7.3 Lei Orgánica 2/2012).*
- Avaliación do cumprimento da estabilidade orzamentaria en fase de elaboración, execución e liquidación dos orzamentos (artigo 11 L.O. 2/2012).*
- Informe de seguimento do Período Medio de Pago a provedores (art. 18.5 L.O 2/2012).*
- Informe sobre o cumprimento do Plan económico-financiero -PEF- (artigos. 19, 22.2 e 25.3 RD 1463/2007).*
- Seguimento da execución orzamentaria e verificación do cumprimento dos obxectivos asignados (art. 32.1 RCI).*

b. As previstas na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL):

- Informe de sustentabilidade financeira para o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación (Art. 7.4 LRBRL).*
- Informe de sustentabilidade financeira para a constitución de consorcios (Art. 57 LRBRL).*



- Informe de sustentabilidade financeira das propostas de xestión directa dos servizos públicos de competencia local a través de entidade pública empresarial local ou de sociedade mercantil local, cuxo capital social sexa de titularidade pública (Art. 85 LRBRL).
 - Informe de avaliación de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da sustentabilidade financeira do exercicio das súas competencias, no caso de que a entidade local propoña exercer a iniciativa pública para o desenvolvemento de actividades económicas (Art. 86 LRBRL).
- c. *As previstas no Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL):*
- Informe ao Pleno de todas as resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados polo órgano interventor, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. (Art. 218.1 de TRLRFL).
 - Informe ao Tribunal de Contas sobre as resolucións e acordos adoptados pola presidencia da Entidade Local e polo Pleno da Corporación contrarios aos reparos formulados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos (Art. 218.3 de TRLRFL).
 - Informe ao Pleno sobre o resultado do control financeiro sobre a Entidade Local (Art. 220 TRLRFL).
 - Informe acerca da consistencia e soporte das proxeccións orzamentarias que conteña a memoria económica específica nos investimentos financeiramente sustentables (Disposición Adicional 16º de TRLRHL).
 - Informe anual e dación de conta ao Pleno, xunto coa liquidación, do grado de cumprimento dos criterios legalmente previstos para os IFS (apartado 6 D.A. 16ª do TRLRFL).
 - Informe ao Ministerio de Facenda dos investimentos realizadas en aplicación do previsto na Disposición Adicional 16º de TRLRHL. (Apartado 8 da D.A.16ª do TRLRFL).
 - Control financeiro en materia de ingresos, nos supostos nos que se substitúe a fiscalización previa de dereitos pola toma de razón na contabilidade (artigo 219.4 TRLRFL).
 - (...)

Respecto das actuacións de control financeiro derivadas dunha obriga legal, como apuntamos anteriormente, hai que diferenciar as que se realizan de xeito continuo (**non planificables**) e as que se realizan con posterioridade e mediante aplicación de técnicas de auditoría (**planificables**).

As actuacións de control permanente e non planificables que se realizan de xeito continuado, con ocasión da fiscalización ou intervención, como apartado específico do informe ou, no seu caso, Informe complementario e independente, non precisan para a súa esixibilidade da incorporación a un Plan anual de control financeiro.

A enumeración referida non se considera exhaustiva de xeito que aínda que non enumeradas neste Plan, constitúen actuacións de control financeiro permanente de obrigado cumprimento calesquera outras previstas ou que se inclúan como tal con posterioridade na normativa legal aplicable ás entidades locais.

As actuacións de control financeiro realizadas a posteriori e mediante a aplicación de procedementos de revisión selectivos contidos nas normas de auditoría e instrucións dadas ao efecto pola Intervención Xeral da Administración, conforman as actuacións de control financeiro planificables.



Como actuacións de control financeiro derivadas dunha **OBRIGA LEGAL e PLANIFICABLES**, inclúense as seguintes:

- Tal e como recolle o artigo 12.3 da lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso de la factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, as Intervencións Xerais ou órganos equivalentes de cada Administración realizarán unha auditoría de sistemas anual para verificar que os correspondentes rexistros contables de facturas cumpren coas condicións de funcionamento previstas na normativa.
- Así mesmo, inclúense nas obrigas de control financeiro a elaboración do Informe resumo anual sobre morosidade, segundo o previsto no apartado 2 do artigo 12 da Lei 25/2013, e a elaboración do Informe sobre obrigas pendentes de imputar ao orzamento (conta 413), segundo o previsto na Disposición Adicional Terceira da Lei Orgánica 9/2013, do 9 de setembro, de Control da Débeda Comercial no Sector Público.
- No ámbito das subvencións o RD 424/2017, recolle a obriga xa prevista na Lei 38/2003 de Subvencións, no que respecta ao control financeiro nesta materia.
- En materia de ingresos, cando se substitúe a fiscalización previa pola toma de razón na contabilidade, debe realizarse un control financeiro a posteriori. De acordo co disposto nas Bases de execución do Orzamento Provincial (base 40) realizarase a fiscalización previa dos dereitos mediante comprobación pola Intervención das liquidacións que se fan polos centros xestores ou polo ORAL. Noutros conceptos de ingresos (ingresos doutras AAPP, etc.) substitúese pola toma de razón na contabilidade, polo que deberán ser obxecto de inclusión nos plans anuais de control financeiro. No que atinxe aos ingresos xestionados polo ORAL, as bases de execución sinalan que a fiscalización previa dos actos de xestión correspondentes aos dereitos que por delegación doutros Entes Públicos, tramita a Deputación a través do ORAL, referidos á aprobación dos padróns, beneficios fiscais sen dereito a devolución, aprazamentos/fraccionamentos e anulación de liquidacións por causas distintas á prescrición ou insolvencia, substituirase pola toma de razón en contabilidade e control financeiro posterior mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría.

B. Actuacións de control permanente seleccionadas anualmente sobre a base dunha ANÁLISE DE RISCOS.

Nas restantes materias non previstas como actuacións suxeitas a control permanente de carácter obrigatorio, deberase proceder á avaliación e selección sobre a base dunha análise de riscos.

Neste sentido resultaría desexable a elaboración dun mapa de riscos e elaboración dun programa a medio prazo que, en función das prioridades, sirva de base para a elaboración do plan anual de control financeiro.

Non en tanto a limitación de medios, e a necesidade de priorizar o cumprimento das actuacións de control financeiro preceptivas, imposibilitan o deseño dun plan anual máis



global. A inclusión de maiores actuacións, aínda que desexable, suporía a elaboración dun documento ou programación que desde o principio, sabemos que non se vai cumprir.

2.3.2. ACTUACIÓNS EN MATERIA DE AUDITORÍA

A auditoría prevese no RD 424/2017 como unha modalidade de control financeiro, delimitada desde un punto de vista subxectivo, pola natureza da entidade obxecto do control (entidades privadas ou públicas dependentes ou adscritas á entidade local territorial), temporal (a posteriori), e procedimental (conforme ás normas e procedementos de auditoría).

Esta modalidade control comprende as auditorías de contas ou financeiras, de cumprimento e operativas.

Como actuacións de auditoría de obrigado cumprimento, o artigo 29.3 do Real Decreto 424/2017 sinala a auditoría de contas de organismos autónomos, entidades empresariais, fundacións do sector público local obrigadas a auditarse pola normativa específica, fondos e Consorcios. A realización de auditorías de sociedades mercantís ou fundacións non obrigadas a auditarse segundo normativa específica poderán incluírse, no seu caso, no Plan de anual de auditorías.

As outras dúas modalidades de auditoría, de cumprimento e operativas en entidades do sector público non sometidas a control permanente serán obxecto de selección e planificación en base a un análise de riscos.

2.3.3. ACTUACIÓNS A INCLUIR NO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO E AUDITORÍA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA – 2024

Como xa se expuxo anteriormente e na mesma liña dos plans anteriores, a limitación de medios dispoñibles condicionan o deseño e programación do plan anual.

Coas limitacións referidas, e sen prexuízo da inclusión das actuacións de control permanente obrigatorias e de execución continua, o Plan Anual de Control e Auditoría exercicio 2024 inclúe as seguintes actuacións planificables que estruturamos en tres Bloques:

A. CONTROL FINANCEIRO

A.1. Control financeiro en materia de SUBVENCIONES.

O control financeiro en materia de subvencións desenvólvese como Anexo incorporado ao presente Plan, na liña dos plans anuais aprobados en anos anteriores.

Aplicando criterios de risco, baseados na experiencia, combínanse dous criterios de selección, un criterio de inclusión automática para expedientes de maior contía e outro de selección aleatoria por mostreo en función do procedemento de concesión e contía, previa determinación de expedientes excluídos.

Como no ano anterior, prescídese da colaboración externa para a realización deste control, proponéndose a execución con medios propios. A planificación detallada deste control inclúese como documento anexo.

A.2. Control financeiro en materia de ingresos

O importante volume de recursos xestionados por esta Deputación, impide abranguer a totalidade de ingresos e operacións. Ao tratarse de recursos xestionados



para outras entidades destes, considérase como de especial interese, os recursos xestionados polo ORAL. A determinación das áreas de maior risco, realizouse en función de criterios de:

- Supostos de toma de razón en contabilidade sen fiscalización previa plena (Base 48 das BEO 2022).
- Complexidade da normativa de aplicación.
- Volume de recursos xestionados.
- Experiencia do equipo de fiscalización do ORAL.

O control executado ao abeiro do plan anual 2023 referiuse aos expedientes de baixa de valores sen fiscalización previa, correspondentes co Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) – Urbana. Esta revisión realizouse respecto das baixas tramitadas no 2021, sendo recomendable a inclusión dun novo control nesta materia en vindeiros exercicios, si ben con tempo necesario para a implementación dos cambios propostos e avaliación posterior.

A efectos de favorecer a rotación e cobertura da revisión, o control a executar neste exercicio centrarase na revisión dos expedientes de aprazamento e fraccionamento e de concesión de beneficios fiscais, concretándose o ámbito material (determinación da figura tributara ou sancións) e temporal no documento de planificación.

Na medida en que se avance na execución, e segundo a dispoñibilidade de medios o permita, poderase proceder á ampliación do ámbito do control e/ou do número de expediente analizados.

A.3. Control financeiro en materia de morosidade

De conformidade co disposto no artigo 12.2 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, o órgano de control interno elaborará un informe no que avaliará o cumprimento da normativa en materia de morosidade.

En liñas xerais o referido informe terá por obxecto:

- o Verificar o cumprimento dos prazos establecidos na normativa sobre morosidade.
- o Verificar o cumprimento dos prazos establecidos na normativa sobre o período medio de pago.
- o Verificar o cumprimento das obrigas de remisión da información ao Ministerio de Facenda nos prazos establecidos pola normativa aplicable.

B. AUDITORÍA DE CONTAS DE ENTIDADES DEPENDENTES.

No que respecta á auditoría de contas das entidades adscritas (consorcios), cómprese sinalar a modificación do apartado terceiro do artigo 122 da Lei 40/2015, pola Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, que, con efectos desde a entrada en vigor da Lei e con vixencia indefinida, modifica a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, limita a obrigatoriedade de realización da auditoría de contas dos consorcios a aqueles supostos nos que se superen determinados importes referidos ás partidas de activo,



ingresos de xestión ordinaria ou número medio de traballadores¹. Esta modificación supón a exclusión da obrigabilidade de auditar as contas do Consorcio contra incendios Deza Tabeirós, de xeito que, aínda que a inclusión no Plan anual de control é potestativa para esta Intervención, considerando que esta entidade xa foi auditada no ano 2021 (respecto do exercicio 2020) e a falta de acontecementos ou cambios relevantes na estrutura organizativa ou de xestión, óptase por non incluírse no plan.

O plan anual inclúe así a realización das auditorías de contas do Consorcio Provincial contra incendios e da Escola de Enfermería. Para a execución destas auditorías contarase coa colaboración da entidade auditora adxudicataria do contrato de colaboración.

C. AUDITORÍA DE FUNCIONAMENTO DO REXISTRO CONTABLE DE FACTURAS.

O Plan Anual 2020 incluíu por primeira vez a auditoría de funcionamento do rexistro contable de facturas. De conformidade coas esixencias legais, este control debe realizarse anualmente. O Plan anual 2022 incluíu a realización da auditoría do rexistro de facturas 2021, xunto co correspondente ao 2020, pendente de realización no ano anterior. Ao abeiro do Plan 2023 executouse a auditoría do rexistro de facturas correspondente ao exercicio 2022.

Aínda que prevista no Plan e de realización obrigatoria, cómpre sinalar a previsibilidade de acadar uns resultados similares, en tanto que a principal discrepancia, referida á falta dun rexistro “contable” propiamente dito por falta de integración coa contabilidade, persiste no momento actual, con previsión de solventarse unha vez se acometa o cambio do sistema contable.

Non en tanto, ao tratarse dun control legal obrigatorio inclúese a auditoría do rexistro de facturas 2023 no Plan de control a executar no ano 2024. Esta auditoría realizarase con medios propios, con colaboración do Servizo de Novas Tecnoloxías, sen prexuízo de que, de acordo coas recomendacións desta Intervención, a parte de auditoría de seguridade poida realizarse por técnico con perfil de auditoría de sistemas que, no caso de inexistencia de persoal propio, poderá ser obxecto de contratación con entidade especializada.

Si ben o Plan anual proposto pode considerarse insuficiente, somos conscientes de que a formulación dun Plan anual máis amplo sen a dotación dos medios correspondentes,

¹ Artigo 122.3 da Lei 40/2015 (redacción modificada pola Lei 31/2022, de 23 de decembro):

(...) El órgano de control interno de la Administración a la que se haya adscrito el consorcio, deberá realizar la auditoría de las cuentas anuales de aquellos consorcios en los que, a fecha de cierre del ejercicio, concurren, al menos, dos de las tres circunstancias siguientes:

- a) Que el total de las partidas del activo supere 2.400.000 euros.
- b) Que el importe total de sus ingresos por gestión ordinaria en el caso de los consorcios del sector público administrativo, o la suma del importe de la cifra de negocios más otros ingresos de gestión, en el caso de los pertenecientes al sector público empresarial, sea superior a 2.400.000 euros.
- c) Que el número medio de trabajadores empleados durante el ejercicio sea superior a 50. (...)



resultaría de imposible cumprimento. Neste sentido, óptase pola inclusión das actuacións de control financeiro e de auditoría nos ámbitos de carácter obrigatorio, demorando a vindeiros plans a ampliación das actuacións de control nestes campos, así como a inclusión doutras áreas ou materias que se consideren prioritarias en función dunha análise de riscos.

2.4. ÁMBITO TEMPORAL

Con carácter xeral, o alcance temporal do presente Plan abarca desde a súa elaboración pola Intervención ata o 31 de decembro de 2024, de conformidade co seguinte:

1. O control permanente obrigatorio e non planificable levarase a cabo durante todo o período de vixencia referido no parágrafo anterior, segundo prazos sinalados pola normativa e/ou esixidos pola tramitación do expediente en cuestión.
2. O ámbito temporal de execución do Plan de control financeiro en materia de subvencións levarase a cabo desde a elaboración do Plan ata o 31/12/2024 realizándose sobre os expedientes das subvencións concedidas no exercicio 2022.
3. O control financeiro en materia de ingresos é referido ao ORAL a executar no 2024, levarase a cabo desde a elaboración do Plan ata o 31/12/2024.
4. As auditorías de contas do Consorcio Provincial e da Escola de Enfermería levaranse a cabo no 2024 respecto das contas do exercicio 2023.
5. A auditoría de funcionamento do rexistro contable de facturas, abranguerá o funcionamento do rexistro no ano 2023, e iniciárase ao longo do segundo semestre do 2024.
6. O control en materia de morosidade, efectuarase de xeito trimestral respecto das obrigas pendentes de recoñecemento transcorridos tres meses desde a data do rexistro da factura. O informe anual en materia de morosidade referido ao ano 2023, foi emitido en data 5/02/2024.

Ao presente plan sucederalle outro en cuxa elaboración teranse en consideración as conclusións acadadas neste. En tanto non se aprrobe o vindeiro plan, o presente plan terase por prorrogado.

ANEXO: PLAN DE CONTROL FINANCIERO DE SUBVENCIONES CONCEDIDAS NO EJERCICIO 2022.

I. INTRODUCCIÓN.

O control financeiro de subvencións correspóndese cunha parte do control financeiro que debe desenvolver a entidade, si ben en tanto non se adopte o Plan integral, procédese á proposta e aprobación dun Plan Anual de Control Financeiro de Subvencións que unha vez definido o Plan global, considerárase integrado no mesmo.

Dando continuidade a os traballos de control financeiro realizados sobre as subvenciones concedidas, no presente exercicio se realizará o control financeiro sobre as concedidas no exercicio 2022.

Como en exercicios precedentes, no 2022 as subvencións sometíanse ó control de fiscalización previa dos expedientes de concesión e de xustificación. O control financeiro non se estaba realizando na súa integridade xa que a comprobación da aplicación das subvencións consiste na revisión da documentación remitida polas entidades e persoas beneficiarias e cando se trata de axudas para a realización de investimentos, nalgúns



casos, realízase a inspección física e verifícase que a xefatura do servizo, que tramitou o expediente da subvención, elaborou un informe sobre o cumprimento da súa finalidade.

O control financeiro das subvencións determínase no artigo 44 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS). No apartado 3 do devandito artigo establécese que: “*a competencia para o exercicio do control financeiro de subvencións corresponderá á Intervención Xeral da Administración do Estado...*” Así mesmo a Disposición adicional 14ª establece que “*os procedementos regulados nesta Lei adaptaranse regulamentariamente ás condicións de organización e funcionamento das corporacións locais*”, e esta adaptación aínda non se produciu a día de hoxe na Deputación, aínda que se establecen na base 25 das Bases reguladoras do Orzamento provincial unha serie de requisitos sobre ela.

Adicionalmente subliñar que no exercicio 2016 apróbase polo Pleno da Deputación, na sesión ordinaria do 28 de outubro, a “*Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra*”, BOP nº 249 de 30 de decembro de 2016, que dedica o seu art. 31 ó Control Financeiro.

Na disposición adicional décimo cuarta da LXS establécese que: “*a competencia para exercer o control financeiro das subvencións concedidas polas corporacións locais e os organismos públicos delas dependentes corresponderá aos órganos ou funcionarios que teñan atribuído o control financeiro da xestión económica das devanditas corporacións a que se refiren os artigos 213 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais*”.

Neste exercicio, tal e como se implantou en exercicios precedentes, o criterio de selección de expedientes atenderá aos de procedemento de concesión así como o seu importe, de tal xeito que se fará a selección de todas aquelas subvencións concedidas polo procedemento nominativo que superen os 35.000,00 €, dado que son os de maior volume económico, e onde se concentra máis risco de incumprimentos en función dos traballos de exercicios anteriores.

Polo que respecta ás concedidas por concorrència competitiva do capítulo 7 do orzamento de gasto (inversións), son seleccionadas todas as que superen ou igualem o importe de 10.000,00 € como en exercicios anteriores. Respecto ás do capítulo 4 se retoma o procedemento de sorteo, se ben se realizará por centros xestores de subvencións, e seleccionando o 20 % dos expedientes tramitados por cada un deles.

II. MARCO XURÍDICO DE REFERENCIA.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- R. d. l. 2/2004, de 4 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Bases de execución dos orzamentos da Deputación.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, en materia de control financeiro.
- Bases específicas reguladoras das subvencións concedidas.
- Normas de auditoría do sector público.



III. OBXECTO DO CONTROL.

Este control terá por obxecto verificar:

- A adecuada e correcta obtención das subvencións polas entidades e persoas beneficiarias.
- O cumprimento por parte do colectivo de persoas beneficiarias e entidades colaboradoras das obrigas de xestión e aplicación das subvencións.
- A adecuada e correcta xustificación das subvencións e a consecución do obxecto da subvención.
- A realidade e regularidade das operacións que de acordo coa xustificación presentada polas entidades e persoas beneficiarias e colaboradoras, foron financiadas coa subvención.
- O adecuado financiamento das actividades subvencionadas.
- A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á Administración polas entidades e persoas beneficiarias, que poidan afectar á correcta obtención, utilización, gozo ou xustificación da subvención, así como a realidade e regularidade das operacións por ela financiadas.

IV. PERSOAL QUE REALIZARÁ O CONTROL FINANCEIRO.

Aínda que a función interventora a exercerá o interventor da Deputación, o artigo 222 do TRLRFL, en referencia ás facultades do persoal controlador, dispón que se realizará por “os funcionarios (...) que se designen para levar a efecto os controis financeiro e de eficacia (...)”, o que fai necesario que exista un nomeamento por parte do órgano competente para os efectos de dotar de medios persoais e materiais se fosen necesarios para o desenvolvemento desta tarefa.

A este respecto o Título III da ordenanza xeral de subvencións dispón no apartado 17 que este control financeiro se realizará polo órgano Interventor.

Para iso a Intervención provincial elabora o presente plan de control financeiro das subvencións concedidas no ano 2022 co fin de comprobar os extremos anteriormente expostos.

V. DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS.

No Control Financeiro das subvencións concedidas no 2022 se levarán a cabo dous tipos de traballo, Control Financeiro Pleno e de comprobación de que as subvencións concedidas para adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, compren cos períodos de adscrición determinados nas bases reguladoras de concesión e o previsto no art. 31 da Lei Xeral de Subvencións. Ditos traballos consistirán, basicamente, en:

Actuacións de control financeiro efectuarase:

- O exame de rexistros contables e estados financeiros que a soporten.
- Operacións individualizadas relacionadas ou que afecten ás subvencións concedidas.
- A comprobación de aspectos parciais e concretos dunha serie de actos relacionados con elas.
- A comprobación material dos investimentos financiados.



- As actuacións concretas de control que se deban realizar conforme á normativa reguladora.
- Calquera outras comprobacións que resulten necesarias.

Actuacións de comprobación do período de adscrición consistirán:

- Adicionalmente aos traballos anteriores, se engadirá un informe sobre a comprobación in situ da referida adscrición.
- Polo que respecta ás **obrigas de colaboración**, conforme establece o artigo 46 da LXS, existe deber de colaboración por parte de terceiras persoas, en relación co obxecto da subvención, debendo prestar colaboración a axentes da fiscalización, no exercicio das súas funcións de control e en concreto, permitir o libre acceso á documentación, a locais de negocio, facilitar a obtención de copias e retención de facturas ou documentos e equivalentes ou substitutivos así como libre acceso á información das contas bancarias nas entidades financeiras onde puidese efectuar o cobro das subvencións ou con cargo ás que se puidese realizar a disposición dos fondos.

A negativa ou escusa ó cumprimento desta obrigación considérase resistencia, obstrución ou negativa á colaboración cos efectos previstos no artigo 37 da LXS, sobre causas do reintegro de subvencións.

Polo que respecta ó establecemento do **procedemento do control financeiro**, este constará das seguintes fases:

- Elaboración pola Intervención do plan de control financeiro.
- Selección da mostra. Definindo claramente a liña ou liñas de subvención obxecto de control financeiro, así como dos criterios seguidos na selección dos expedientes para a realización do traballo.
- Iniciación. Mediante a oportuna notificación ás entidades e persoas beneficiarias das actuacións para desenvolver. Data da comparecencia do equipo, natureza e alcance das actuacións para desenvolver, documentación que debe poñerse a disposición del e demais elementos necesarios.
- Finalización. As actuacións de control finalizarán coa emisión dos correspondentes informes comprensivos dos feitos postos de manifesto e das conclusións que deles se deriven.
- Prazo de actuacións. As actuacións de control financeiro deberán concluír nun prazo máximo de 12 meses contando desde a data de notificación a aqueles do inicio destas. O devandito prazo poderá ampliarse, co alcance e requisitos que se determinen regulamentariamente, cando nas actuacións concorran algunha das seguintes circunstancias:
 1. Se revisten durante o seu transcurso especial complexidade.
 2. Cando no transcurso das actuacións se descubra que a entidade ou persoa beneficiaria ocultou información ou documentación esencial para un adecuado desenvolvemento do traballo.
- Documentación das actuacións de control financeiro. Toda actuación de comprobación deberá documentarse en dilixencias e informes. Así mesmo, toda actuación de control finalizará coa emisión dun informe que recolla os feitos postos de manifesto, e das conclusións que deles se desprendan. Tanto unhas coma outras



terán a natureza de documentos públicos e farán proba dos feitos que motiven, salvo proba en contrario.

- Efectos dos informes. Se como consecuencia do informe emitido se derivase a procedencia dun reintegro ou a imposición dunha sanción, a LXS establece un procedemento contradictorio. Nestes casos darase traslado do informe á entidade ou persoas beneficiarias das conclusións ás que se chegou, para o que disporá de 15 días para alegar, coa finalidade de aceptalas ou desestimalas. A Presidencia, no prazo dun mes, desde a recepción do informe definitivo, deberá acordar mediante Resolución presidencial o inicio do expediente de reintegro ou sanción, notificándollo á entidade ou persoa beneficiaria, que disporá de 15 días para alegar. Unha vez concluído o procedemento ditarase unha resolución definitiva da cal se dará traslado ó negociado de xestión de recursos económicos para emitir un cargo polo importe correspondente ó reintegro ou á sanción.
- Conclusións e recomendacións. Unha vez que se concluíu totalmente o plan de control financeiro dun exercicio, e independentemente das actuacións propostas en cada un dos informes que se emitan, a Intervención provincial elaborará un informe no que se resuma o resultado global das actuacións levadas a cabo e as recomendacións de mellora que se estimen oportunas.

Do resultado deste control financeiro se actuará conforme o disposto nos art. 35 e 36 do R.D. 424/2017, de 28 de abril, polo que se aproba o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local. Asemade, e conforme ó disposto no art. 37 do mesmo texto legal o órgano interventor elaborará un resumo dos resultados que se incluírá no do resultado do control interno sinalado no art. 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, con ocasión da aprobación da Conta Xeral da Deputación e os seus organismos dependentes.

VI. PLAN DE CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCIONS CONCEDIDAS NO ANO 2022.

VI.1. Obxecto e determinación dos expedientes a examinar.

O desenvolvemento do control financeiro que se realizará no exercicio 2024 estenderase sobre as subvencións concedidas no ano 2022 xa que na data de realización dos traballos deberán estar concluídas as actividades ou investimentos obxecto das diferentes intervencións.

Do total de subvencións excluíronse as subvencións concedidas ós concellos da provincia, outras entidades locais e entes públicos, xa que en cada un deles existe un órgano de control propio que fiscaliza a aplicación correcta dos fondos concedidos. Igualmente, pola presunción dun maior control e conseguinte redución de risco, exclúense aquelas axudas correspondentes con Plans e Programas que se executan conxuntamente, ou en coordinación, cos Concellos por ser estes beneficiarios da actividade desenvolta. Adicionalmente, se exclúen tamén aquelas entidades que xa foron obxecto de Control Financeiro no exercicio precedente, independentemente do seu resultado, coa finalidade de acadar unha maior diversidade das entidades beneficiarias de subvencións incluídas no control.

Como consecuencia o detalle da mostra a traballar queda do seguinte xeito:



SUBVENCIONES NOMINATIVAS DO 2022		
TOTAL SUBVENCIONES	76	2.090,988,12 €
SELECCIÓN. MAIORES DE 35.000,00 €	15	1.178.087,59 €
COBERTURA	19,73 %	56,34 %

Serán obxecto de Control Financeiro 15 expedientes de subvencions nominativas, sendo seleccionadas as que superan o importe de 35.000,00 €, dun total de 76 do ano 2022, acadando unha cobertura de 56,34% do importe concedido .

Por outra banda seleccionaranse por sorteo 20 expedientes concedidos en concorrencia competitiva, ata acadar o 20 % dos concedidos por centro xestor, o seu detalle a sortear é o seguinte:

CENTRO XESTOR	EXP.	20%
CULTURA	18	4
DEPORTES	84	16
	102	20

A selección por mostraxe se fará utilizando follas de cálculo nas que figuran os datos de cada un dos expedientes de subvención, procederase, mediante unha fórmula aleatoria (que inclúe Microsoft Excel), a asignar un número entre 0 e 1 con múltiples decimais a cada un dos expedientes. Unha vez feito isto e mediante outra fórmula de Excel (Buscar V) procedemos a buscar dentro este rango de números aleatorios os x números maiores. O que fai esta función é ordenar os expedientes en función do número aleatorio asignado polo programa de maior a menor e así nos permite poder elixir os primeiros da lista en función do número de subvencions que se estimase que se deben revisar en cada un dos grupos.

Adicionalmente pódense incluír no programa de traballo aqueles expedientes que de forma motivada se propoñan por os diferentes Centros Xestores da Deputación, indicando aqueles incumprimentos que ao seu criterio se puidesen producir. Asemade, de aqueles expedientes que no proceso de fiscalización se detectasen aspectos que xustifiquen a inclusión no referido plan.

A determinación dos expedientes a revisar que a inversión continúa adscrita ó obxecto para que foi concedida, se fará sobre aquelas subvencions concedidas por importe igual ou superior a 10.000,00 €.

CAP. VII MAIOR OU IGUAL A 10.000,00 €						
CENTRO XESTOR	Nº EXPD.	IMPORTE	TOT. EXPD.	% EXPD.	IMPORTE	% IMP.
MED. AMB.	9	203.255,76 €	15	60,00%	210.790,42 €	54,93%
PAT. DOC	6	62.570,51 €	13	46,15%	113.906,55 €	96,43%
COBERTURA	15	265.826,27 €	40	70,00%	407.403,44 €	65,25%



VI.2. Equipo de traballo

Crearase un equipo de traballo que baixo a dirección da Viceinterventora estará composto polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, a Xefa de Negociado de Contabilidade e Inmobiliado e a Técnica de Contabilidade e Control Financeiro.

No exercicio das actuacións de control os funcionarios que participen nestas tarefas actuarán coas facultades previstas no artigo 47 da LXS e suxeito ós deberes do artigo 48.

VI.3. Informes

Os informes deberán axustarse ás Normas de auditoría do sector público.

No caso que se proceda ó reintegro da totalidade ou parte da subvención iniciárase o expediente de reintegro por parte de Intervención, do que se dará coñecemento ó centro xestor así como á Tesourería para os efectos da súa recadación como ingreso de dereito público.

Do resultado deste control financeiro actuarase conforme ó disposto nos art. 35 e 36 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se aproba o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local. Asemade, e conforme ó disposto no art. 37 do mesmo texto legal o órgano interventor elaborará un resumo dos resultados que se incluírá no do resultado do control interno sinalado no art. 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, con ocasión da aprobación da Conta Xeral da Deputación e os seus organismos dependentes.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 19 de abril de 2024 tomou coñecemento do contido do Plan Anual de Control Financeiro e Auditoría da Deputación de Pontevedra a desenvolver durante o ano 2024.

De conformidade co establecido no artigo 31 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local, o Pleno queda enterado do contido do Plan Anual de Control Financeiro e Auditoría da Deputación de Pontevedra a desenvolver durante o ano 2024, elaborado pola Intervención Provincial con data 12 de abril de 2024.

19.8190.- **DAR CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE DATA 10 DE ABRIL DE 2024 (Nº REXISTRO 2024002860) DECLARANDO A EMERXENCIA NA TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN NA EP-4005 AREAS-ALXÉN-CABREIRA, PQ 9+450 (MARXE DEREITA).**



CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO
(EXPTES. 2024025388-2024023015)

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ZjIzOWM0OWUtY2U5MC00ZWl5LTIjZmQtOWI1YWlxOWFINDVI&start=7475>

Por Resolución Presidencial número 2024002860 de data 10 de abril de 2024 acordouse adxudicar á empresa, CANTERIA Y OBRAS MANUEL VAQUEIRO, S.L. (NIF. B-27783463), o contrato para execución da obra “Construción de muro de contención na EP-4005 Areas-Alxén-Cabreira, PQ 9+450 (marxe dereita). Concello de Salvaterra de Miño”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 50.000,00 euros, IVE engadido, cuxo contido é o seguinte:

“Nº Expediente	2024023015
Asunto	Adxudicando a obra de emerxencia "Construción de muro de contención na EP-4005 Areas-Alxén-Cabreira, PQ 9+450 (marxe dereita). Concello de Salvaterra de Miño"
Trámite	Adxudicación

O Presidente, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

RESOLUCIÓN

Resultando.- Que mediante informe técnico do Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, que consta no expediente con CVS: 84PSZMWZY8IHXAXK, solicítase a tramitación polo procedemento de emerxencia da obra “Construción de muro de contención na EP-4005 Areas-Alxén-Cabreira, PQ 9+450 (marxe dereita). Concello de Salvaterra de Miño”.

Resultando.- Que no citado informe recóllese o seguinte: “...Coas recentes choivas ocorridas no mes de marzo de 2024, produciuse o desmoronamento do talude da marxe dereita do p.q. 9+450 da estrada EP-4005 Areas-Alxén-Cabreira, no termo municipal de Salvaterra de Miño. Unha vez inspeccionada minuciosamente a zona compróbase que o firme do carril dereito atópase en boas condicións, de momento, pero o noiro está nunha situación de inestabilidade de xeito que se pode producir o colapso do terraplén descalzándose a calzada e xerándose unha situación de risco. En conclusión, debido a que non é posible garantir a estabilidade do terraplén é necesaria unha actuación de emerxencia para garantir a vialidade e evitar riscos de danos maiores antes de que se vexa afectada a calzada e o tráfico rodado...”



Resultando.- Que no mesmo informe recóllese que a estimación do custe da obra ascende a 50.000,00 € IVE incluído, quedando condicionada á medición definitiva e á súa valoración exacta, propoñéndose á empresa CANTERIA Y OBRAS MANUEL VAQUEIRO, S.L. (NIF B-27783463) pola súa dispoñibilidade inmediata tanto de medios humanos como técnicos suficientes para acometer a obra.

Resultando.- Que se estima un prazo de execución da obra de UN (1) MES, quedando condicionado ó prazo final da execución da obra.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC con número de operación 202400078818 por importe de 50.000,00 € con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que con data 10/04/2024 emitiu informe o Xefe de Servizo de Contratación recollendo o seguinte: “...Solicítase a tramitación de emerxencia manifestando no informe do técnico que coas recentes choivas ocorridas no mes de marzo de 2024, produciuse o desmoramento do talude da marxe dereita do p.q. 9+450 da estrada EP-4005 Areas-Alxén-Cabreira, no termo municipal de Salvaterra de Miño. Non se pon en dúbida o criterio técnico, nin sería dilixente nin da nosa competencia facelo, pero si está nas atribucións do Servizo de Contratación elixir o procedemento máis adecuado para a tramitación do expediente. Tendo en conta que non podemos separarnos do criterio técnico facéndose preciso actuar debido a que non é posible garantir a vialidade e a seguridade viaria do tramo afectado polos desprendementos do noiro de apoio da calzada o que está a provocar un risco na circulación polo grave risco de colapso da estrutura e o derrube da calzada, tramítase este expediente, por solicitude deste servizo, por emerxencia. Tendo en consideración o exposto cabe reseñar os seguintes aspectos: Este trámite é excepcional, unicamente e de forma exclusiva para reparar o punto que supoña o grave perigo, sen que caiba a estimación subxectiva discrecional da Administración, xa que se non se estaría quebrantando a excepcionalidade á que nos referimos. Non cabe utilizar este procedemento excepcional para solventar unha falta de planificación, xa que non existen outros procedementos como o ordinario ou o de urxencia. Unha vez efectuadas as actuacións imprescindibles para paliar a situación de emerxencia, as restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación regulada na LCSP. Haberá que tramitar o expediente conforme ó artigo 120 da LCSP, e cumprir co disposto nas bases do Orzamento Provincial, que fai referencia ós gastos de emerxencia...”

Considerando.- No referente á tramitación de emerxencia, o órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais establecidos na Lei, incluso a existencia de crédito suficiente.

Considerando.- Que elo debe instrumentarse xuridicamente nunha resolución ou acordo, que unicamente precisará da oportuna retención de crédito, ou no caso de que non exista



crédito, da documentación que xustifique a iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito.

Considerando.- Que a Xunta Consultiva resalta o carácter excepcional da tramitación de emerxencia, tal e como sinala o artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que a regula, derivado tanto do réxime específico que a rexe, como da relación de supostos taxadas en que procede, concreta na esixencia de ter que actuar a Administración de forma inmediata a causa de: acontecementos catastróficos, situacións que supoñan un grave perigo e necesidades que afecten á defensa nacional.

Considerando.- Que neste senso, e incidindo no criterio de rigor que debe observarse na aplicación deste réxime, manifestouse o Tribunal Supremo en Sentenza de 20 de xaneiro de 1987, ó establecer que “non basta a existencia dun acontecemento de excepcional natureza do que dimane a situación que as medidas en cuestión afrontan, senón que o que ampara a normativa de emerxencia é unha situación administrativa inmediata, absolutamente necesaria para evitar ou remediar no posible as consecuencias do suceso en cuestión.”

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa Atenea Seguridad y Medio ambiente, S.A. (NIF A-82876905) o Lote 3 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Sur)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse no informe de inicio de expediente, á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A. (NIF A-82876905) para a adxudicación do Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra de emerxencia para "Construción de muro de contención na EP-4005 Areas-Alxén-Cabreira, PQ 9+450 (marxe dereita). Concello de Salvaterra de Miño", por un importe estimado de 537,21 €.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención de data 10/04/2024 con CSV: VAVSB26D6GX45FN6, no que se recolle que na vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto código nº 2024023015, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202400079539.

Considerando.- Que en virtude do disposto nos artigos 34-1, f e i) da Lei 7/85, de 2 de abril, 185 do TRLRFL, de 5 de marzo de 2004, 117 e concordantes do R.d.l 781/86, de 18 de abril, e 61 do R.d. 2568/86, de 18 de novembro, e DA 2ª da LCSP, e a Base 16ª apartado 1.e), a autorización e compromiso dos gastos de emerxencia serán competencia da Presidencia.

RESOLVO,



1. Declarar a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra "Construción de muro de contención na EP-4005 Areas-Alxén-Cabreira, PQ 9+450 (marxe dereita). Concello de Salvaterra de Miño".
2. Autorizar o gasto por importe de 50.000,00 € con cargo á vinculación xurídica aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.
3. Adxudicar á empresa CANTERIA Y OBRAS MANUEL VAQUEIRO, S.L. (NIF B-27783463), o contrato de obras "Construción de muro de contención na EP-4005 Areas-Alxén-Cabreira, PQ 9+450 (marxe dereita). Concello de Salvaterra de Miño", por importe de 50.000,00 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	41.322,31 €
IVE (21%).....	8.677,69 €
Importe total.....	50.000,00 €

Este importe é unha estimación, quedando condicionado o prezo final á medición definitiva e valoración exacta.

4. Nomear directora de obra a Dona María Elena Pérez Alonso, enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

O prazo de execución estímase en UN (1) MES.

Unicamente executarase o necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, debéndose contratar as restantes prestacións necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia mediante a tramitación do preceptivo expediente conforme á Lei.

O prazo de inicio da obra non poderá ser superior a un mes e deberase dar conta, polo centro Xestor da devandita actuación ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebra tras a adopción desta resolución.

Da cantidade adxudicada reteranse as seguintes porcentaxes:

- 4% do orzamento de execución material de adxudicación, de acordo coa taxa por servizos facultativos que se presten en obras provinciais, aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do día 27/02/98, en concepto de Dirección de Obra.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán ser presentadas polo adxudicatario en formato electrónico a través da Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es) en tempo e forma aos efectos de que o órgano administrativo ao que corresponda, proceda a súa tramitación. Máis información en <https://sede.depo.es/>.



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 (CIF: P3600000H); Órgano Xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135. Nº Expediente: 2024023015.

5. Adxudicar á empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (CIF B81470841) o Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na Obra de emerxencia para "Construción de muro de contención na EP-4005 Areas-Alxén-Cabreira, PQ 9+450 (marxe dereita). Concello de Salvaterra de Miño" (Expte 2024024481), por un importe de 537,21 € de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	443,98 €
IVE (21%).....	93,23 €
Importe total.....	537,21 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

As obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2024024481.

Detectado un erro na Resolución Presidencial número 2024002860 de data 10 de abril de 2024, a través da Resolución Presidencial número 2024002882 de data 11 de abril de 2024, procedeuse a corrección do mesmo. O contido desta resolución é o seguinte:

Nº Expediente	2023070346
Asunto	Corrixindo erro de transcripción na Resolución Presidencial número 2024002860
Trámite	Corrección erro



O Presidente, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

RESOLUCIÓN

Visto o erro de transcripción padecido na Resolución Presidencial número 2024002860 relativa á adxudicación do contrato da obra de emerxencia “Construción de muro de contención na EP-4005 Areas-Alxén-Cabreira, PQ 9+450 (marxe dereita). Concello de Salvaterra de Miño”.

Considerando.- Que o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recolle que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

RESOLVO,

- Corrixir o citado erro no seguinte senso:

ONDE DI:

[...]

5. Adxudicar á empresa INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (CIF B81470841) o Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na Obra de emerxencia para "Construción de muro de contención na EP-4005 Areas-Alxén-Cabreira, PQ 9+450 (marxe dereita). Concello de Salvaterra de Miño" [...]

DEBE DICIR:

[...]

5. Adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A. (CIF A82876905) o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na Obra de emerxencia para "Construción de muro de contención na EP-4005 Areas-Alxén-Cabreira, P.Q. 9+450 (marxe dereita). Concello de Salvaterra de Miño" [...]"

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda na sesión ordinaria do día 19 de abril de 2024 tomou coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 2024002860 de data 10 de abril de 2024 pola que se adxudicou á empresa, CANTERIA Y OBRAS MANUEL VAQUEIRO, S.L. (NIF B-27783463), o contrato para execución da obra “Construción de muro de contención na EP-4005 Areas-Alxén-Cabreira, PQ 9+450 (marxe dereita). Concello de Salvaterra de Miño”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 50.000,00 euros, IVE engadido.



De conformidade co establecido no artigo 117 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, así como na base 16^a 1.e) de execución do vixente orzamento provincial, o Pleno queda enterado do contido da Resolución Presidencial número 2024002860, de data 10 de abril de 2024, pola que se adxudicou á empresa, CANTERIA Y OBRAS MANUEL VAQUEIRO, S.L. (NIF B-27783463), o contrato para execución da obra “Construción de muro de contención na EP-4005 Areas-Alxén-Cabreira, PQ 9+450 (marxe dereita). Concello de Salvaterra de Miño”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 50.000,00 euros, IVE engadido.

20.8191.- **DAR CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE DATA 15 DE ABRIL DE 2024 (Nº REXISTRO 2024002982) DECLARANDO A EMERXENCIA NA TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE OBRAS DE DEFENSA DA DRENAXE TRANSVERSAL NA EP-4306 PONTE DE VAL-BARCIADEMERA, PQ 2+175 (MARXE ESQUERDA). CONCELLO DE MONDARIZ” (EXPTES.- 2024025463-2024023778)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ZjIzOWM0OWUtY2U5MC00ZWl5LTljZmQtOWI1YWl1OWFINDVl&start=7498>

Por Resolución Presidencial número 2024002982 de data 15 de abril de 2024 acordouse adxudicar á empresa, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A. (CIF A36008886), o contrato para execución da obra “Construción de obras de defensa da drenaxe transversal na EP-4306 Ponte de Val-Barciademera, PQ 2+175 (marxe esquerda). Concello de Mondariz”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 40.000,00 euros, IVE engadido, cuxo contido é o seguinte:

“Nº Expediente	2024023778
Asunto	Adxudicando a obra de emerxencia para a "Construción de obras de defensa da drenaxe transversal na EP-4306 Ponte de Val - Barciademera, PQ 2+175 (marxe esquerda). Concello de Mondariz"



Trámite	Adxudicación
---------	--------------

O Presidente, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

RESOLUCIÓN

Resultando.- Que mediante informe técnico do Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, que consta no expediente con CSV: IV7OGW6ZNSTBKAHZ, solicítase a tramitación polo procedemento de emerxencia da obra de emerxencia para "Construción de obras de defensa da drenaxe transversal na EP-4306 Ponte de Val-Barciademera, PQ 2+175 (marxe esquerda). Concello de Mondariz".

Resultando.- Que no citado informe recóllese o seguinte: "...Tras o paso do inverno, caracterizado polas intensas precipitacións rexistradas na provincia, detectouse a finais do mes de marzo a existencia dun talude do monte que se atopa nunha situación de inestabilidade, producíndose a caída da ladeira do monte sobre a estrada provincial EP-4306 Ponte de Val-Barciademera, no PQ 2+175 (marxe esquerda), no termo municipal de Mondariz, de maneira que todo o material arrastrado polas choivas se acumula na boca de entrada dunha obra de drenaxe transversal existente na estrada, producindo o taponamento da mesma. No punto en cuestión a estrada ten un trazado recto e está formada por un terraplén que discorre atravesando unha vaguada natural, polo que no punto máis baixo da sección transversal existe unha obra de drenaxe de formigón. O terraplén neste punto ten uns 6 m de altura e a obra de drenaxe atópase na parte inferior do terraplén. Polo exposto, as augas de escorrentía e os materiais arrastrados pola mesma se acumulan na marxe esquerda da estrada, e taponan a obra de drenaxe, deixándoa sen saída, facendo a estrada de presa de contención, de maneira que pode vir unha riada que leve toda a estrada por diante monte abaixo. Debemos ter en conta que ademais esta situación xa aconteceu anos atrás. [...]. debido a que non é posible garantir a estabilidade do monte, é necesaria unha actuación de emerxencia para garantir o correcto funcionamento da obra de drenaxe, de xeito que se realicen as obras necesarias para protexer a súa embocadura e a correcta saída das augas de escorrentía que chegan pola vaguada da estrada, e evitar riscos de danos maiores antes de que se vexa arrastrada a estrada polo efecto presa descrito.

Resultando.- Que no mesmo informe recóllese que a estimación do custe da obra ascende a 40.000,00 € IVE incluído, quedando condicionada á medición definitiva e á súa valoración exacta, propoñéndose á empresa CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A. (CIF A36008886) pola súa dispoñibilidade inmediata tanto de medios humanos como técnicos suficientes para acometer a obra.

Resultando.- Que se estima un prazo de execución da obra de DOUS (2) MESES, quedando condicionado ó prazo final da execución da obra.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC por importe de 40.000,00 €, con número de operación 202400079380 con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2023 do vixente orzamento provincial.



Resultando.- Que con data 11/04/2024 emitiu informe o Xefe de Servizo de Contratación, que figura no expediente con CSV: S13QOEZV7H5PS9IC no que se recolle o seguinte: “...Solicítase a tramitación de emerxencia manifestando no informe do técnico que debido a que debido ás intensas precipitacións rexistradas este inverno na provincia, detectouse a existencia dun talude do monte que se atopa en situación de inestabilidade, producíndose a caída da ladeira do monte sobre a EP-4306, de maneira que o material arrastrado polas choivas se acumula na boca dunha obra de drenaxe transversal existente na estrada, producindo o taponamento da mesma, deixándoa sen saída, facendo a estrada de presa de contención, podendo a estrada ser arrastrada no caso de que se produza outra riada. Non se pon en dúbida o criterio técnico, nin sería dilixente nin da nosa competencia facelo, pero si está nas atribucións do Servizo de Contratación elixir o procedemento máis adecuado para a tramitación do expediente. Tendo en conta que non podemos separarnos do criterio técnico facéndose preciso actuar debido a que non é posible garantir a vialidade e seguridade do tramo afectado, o que está a provocar un risco na circulación polo que se tramita este expediente, por solicitude do servizo polo procedemento de emerxencia. Tendo en consideración o exposto cabe reseñar os seguintes aspectos: Este trámite é excepcional, unicamente e de forma exclusiva para reparar o punto que supoña o grave perigo, sen que caiba a estimación subxectiva discrecional da Administración, xa que se non se estaría quebrantando a excepcionalidade á que nos referimos. Non cabe utilizar este procedemento excepcional para solventar unha falta de planificación, xa que non existen outros procedementos como o ordinario ou o de urxencia. Unha vez efectuadas as actuacións imprescindibles para paliar a situación de emerxencia, as restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación regulada na LCSP. Haberá que tramitar o expediente conforme o artigo 120 da LCSP, e cumprir co disposto nas bases do Orzamento Provincial, que fai referencia ós gastos de emerxencia...”.

Considerando.- No referente á tramitación de emerxencia, o órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobreñida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais establecidos na Lei, incluso a existencia de crédito suficiente.

Considerando.- Que elo debe instrumentarse xuridicamente nunha resolución ou acordo, que unicamente precisará da oportuna retención de crédito, ou no caso de que non exista crédito, da documentación que xustifique a iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito.

Considerando.- Que a Xunta Consultiva resalta o carácter excepcional da tramitación de emerxencia, tal e como sinala o artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que a regula, derivado tanto do réxime específico que a rexe, como da relación de supostos taxadas en que procede, concreta na esixencia de ter que actuar a Administración de forma inmediata a causa de: acontecementos catastróficos, situacións que supoñan un grave perigo e necesidades que afecten á defensa nacional.



Considerando.- Que neste senso, e incidindo no criterio de rigor que debe observarse na aplicación deste réxime, manifestouse o Tribunal Supremo en Sentenza de 20 de xaneiro de 1987, ó establecer que “non basta a existencia dun acontecemento de excepcional natureza do que dimane a situación que as medidas en cuestión afrontan, senón que o que ampara a normativa de emerxencia é unha situación administrativa inmediata, absolutamente necesaria para evitar ou remediar no posible as consecuencias do suceso en cuestión.”

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adjudicar á empresa Atenea Seguridade y Medio Ambiente, S.A.U. (A82876905), o Lote 3 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Sur)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia proponse no informe de inicio de expediente, á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (A82876905), para a adjudicación do Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra de emerxencia para "Construción de obras de defensa da drenaxe transversal na EP-4306 Ponte de Val-Barciademera, PQ 2+175 (marxe esquerda). Concello de Mondariz”, por un importe estimado de 958,13 € IVE incluído.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención de data 11/04/2024 que figura no expediente con CSV: K2MRFAWPHIV0P3EH, no que se recolle a vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2023, dentro do proxecto de gasto código nº 2024023778, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202400080565.

Considerando.- Que en virtude do disposto nos artigos 34-1, f e i) da Lei 7/85, de 2 de abril, 185 do TRLRFL, de 5 de marzo de 2004, 117 e concordantes do R.d.I 781/86, de 18 de abril e 61 do R.d. 2568/86, de 18 de novembro e DA 2ª da LCSP, e a Base 16ª apartado 1.e), a autorización e compromiso dos gastos de emerxencia serán competencia da Presidencia.

RESOLVO,

1. Declarar a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra "Construción de obras de defensa da drenaxe transversal na EP-4306 Ponte de Val-Barciademera, PQ 2+175 (marxe esquerda). Concello de Mondariz”.
2. Autorizar o gasto por importe de 40.000,00 € con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2023 do vixente orzamento provincial.



3. Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A. (CIF A36008886) o contrato de obras "Construción de obras de defensa da drenaxe transversal na EP-4306 Ponte de Val-Barciademera, PQ 2+175 (marxe esquerda). Concello de Mondariz" por importe de 40.000,00 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

i.	Importe	33.057,85 €
ii.	IVE (21%)	6.942,15 €
iii.	Importe total	40.000,00 €

Este importe é unha estimación, quedando condicionado o prezo final á medición definitiva e valoración exacta.

4. Nomear directora de obra a Dona María Elena Pérez Alonso, enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

O prazo de execución estímase en DOUS (2) MESES.

Unicamente executarase o necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, debéndose contratar as restantes prestacións necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia mediante a tramitación do preceptivo expediente conforme á Lei.

O prazo de inicio da obra non poderá ser superior a un mes e deberase dar conta, polo centro Xestor da devandita actuación ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre tras a adopción desta resolución.

Da cantidade adxudicada reteranse as seguintes porcentaxes:

- 4% do orzamento de execución material de adxudicación, de acordo coa taxa por servizos facultativos que se presten en obras provinciais, aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do día 27/02/98, en concepto de Dirección de Obra.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán ser presentadas polo adxudicatario en formato electrónico a través da Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es) en tempo e forma aos efectos de que o órgano administrativo ao que corresponda, proceda á súa tramitación. Máis información en <https://sede.depo.es/>. Nas facturas deberase indicar os códigos DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 (CIF: P3600000H); Órgano Xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135. Nº Expediente: 2024023778.

5. Adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (A82876905), o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra de



emerxencia para "Construción de obras de defensa da drenaxe transversal na EP-4306 Ponte de Val-Barciademera, PQ 2+175 (marxe esquerda). Concello de Mondariz" (Expte. 2024024816), por un importe de 958,13 € de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	791,84 €
IVE (21%).....	166,29 €
Importe total.....	958,13 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

As obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2023 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2024024816.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda na sesión ordinaria do día 19 de abril de 2024 tomou coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 2024002982 de data 15 de abril de 2024 pola que se adxudicou á empresa, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A. (CIF A36008886), o contrato para execución da obra “Construción de obras de defensa da drenaxe transversal na EP-4306 Ponte de Val-Barciademera, PQ 2+175 (marxe esquerda). Concello de Mondariz”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 40.000,00 euros, IVE engadido.

De conformidade co establecido no artigo 117 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, así como na base 16^a 1.e) de execución do vixente orzamento provincial, o Pleno queda enterado do contido da Resolución Presidencial número 2024002982 de data 15 de abril



de 2024 pola que se adxudicou á empresa, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A. (CIF A36008886), o contrato para execución da obra “Construción de obras de defensa da drenaxe transversal na EP-4306 Ponte de Val-Barciademera, PQ 2+175 (marxe esquerda). Concello de Mondariz”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 40.000,00 euros, IVE engadido.

21.8192.- **DAR CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE DATA 16 DE ABRIL DE 2024 (Nº REXISTRO 2024003033) DECLARANDO A EMERXENCIA NA TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DA OBRA “REPARACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN NA EP-2204 SABARÍS-BELESAR, PQ 0+450 (CONCELLO DE BAIONA)” (EXPTES.- 2024025818-2024023816)**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ZjIzOWM0OWUtY2U5MC00ZWl5LTljZmQtOWI1YWl5OWFINDVI&start=7520>

Por Resolución Presidencial número 2024003033 de data 16 de abril de 2024 acordouse adxudicar á empresa, CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L, (CIF B94181807), o contrato para execución da obra “Reparación de muro de contención na EP-2204 Sabarís-Belesar, PQ 0+450 (Concello de Baiona)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 100.000,00 euros, IVE engadido, cuxo contido é o seguinte:

“Nº Expediente	2024023816
Asunto	Adxudicando a obra de emerxencia para "Reparación de muro de contención na EP-2204 Sabarís-Belesar, PQ 0+450 (Concello de Baiona)"
Trámite	Adxudicación

O Presidente, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

RESOLUCIÓN

Resultando.- Que mediante informe técnico do Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, que consta no expediente con CSV: 5EPJY8VHLLK1U5W, solicítase a tramitación polo procedemento de emerxencia da obra



"Reparación de muro de contención na EP-2204 Sabarís-Belesar, PQ 0+450 (Concello de Baiona)".

Resultando.- Que no citado informe recóllese o seguinte: Tras unha visita rutinaria de vixilancia realizada polo servizo de conservación na estrada EP-2204 Sabarís-Belesar, a finais do mes de marzo, detectáronse uns danos significativos no muro de contención que sustenta a estrada provincial no punto quilométrico 0+450. Este tramo da vía provincial coincide co paseo fluvial estando formada a infraestrutura por unha calzada de dobre sentido, beirarrúas a ambos lados e un muro de contención no límite do dominio público hidráulico, que fai de encauzamento do río Groba e sustenta a infraestrutura viaria. O muro é de pedra granítica, e na parte inferior do muro, sobre o leito do río se aprecia un reforzo da zapata constituído por unha lousa de formigón. Este reforzo da cimentación se topa alterado, debido ós efectos de socavación da auga do cauce, que está a traballar no muro producindo unha situación de inestabilidade. Debido a esta situación détéctanse gretas na imposta superior do muro así como asentamentos lonxitudinais e o afundimento da beirarrúa. Debido a que non é posible garantir a estabilidade da infraestrutura viaria ó estar afectada seriamente a cimentación da estrutura de sustento, considérase necesaria unha actuación de emerxencia para garantir a vialidade e evitar riscos de danos maiores antes de que se vexa afectado o resto do muro e por conseguinte o paseo fluvial e a calzada."

Resultando.- Que no mesmo informe recóllese que a estimación do custe da obra ascende a 100.000,00 € IVE incluído, quedando condicionada á medición definitiva e á súa valoración exacta, proponéndose á empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L, (CIF B94181807) pola súa dispoñibilidade inmediata tanto de medios humanos como técnicos suficientes para acometer a obra.

Resultando.- Que se estima un prazo de execución da obra de CATRO (4) MESES, quedando condicionado ó prazo final da execución da obra.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC con número de operación 202400081305, por importe de 100.000,00 € con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2023 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que con data 15/04/2024 emitiu informe o Xefe de Servizo de Contratación recollendo o seguinte: "...Solicítase a tramitación de emerxencia manifestando no informe do técnico debido a que a finais do mes de marzo, detectáronse uns danos significativos no muro de contención que sustenta a estrada provincial EP-2204 Sabarís-Belesar no punto quilométrico 0+450. Non se pon en dúbida o criterio técnico, nin sería dilixente nin da nosa competencia facelo, pero si está nas atribucións do Servizo de Contratación elixir o procedemento máis adecuado para a tramitación do expediente. Tendo en conta que non podemos separarnos do criterio técnico, faise preciso actuar pois non é posible garantir a estabilidade da infraestrutura viaria ó estar afectada seriamente a cimentación da estrutura de sustento, e para garantir a vialidade e evitar riscos de danos para a seguridade do elemento, do conxunto e calquera risco de dano a maiores, tramítase este expediente, por solicitude deste servizo, por emerxencia. Tendo en consideración o exposto cabe reseñar os



seguintes aspectos: Este trámite é excepcional, unicamente e de forma exclusiva para reparar o punto que supoña o grave perigo, sen que caiba a estimación subxectiva discrecional da Administración, xa que senón se estaría quebrantando a excepcionalidade á que nos referimos. Non cabe utilizar este procedemento excepcional para solventar unha falta de planificación, xa que non existen outros procedementos como o ordinario ou o de urxencia. Unha vez efectuadas as actuacións imprescindibles para paliar a situación de emerxencia, as restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación regulada na LCSP. Haberá que tramitar o expediente conforme ó artigo 120 da LCSP, e cumprir co disposto nas bases do Orzamento Provincial, que fai referencia ós gastos de emerxencia...”

Considerando.- No referente á tramitación de emerxencia, o órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobreñida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais establecidos na Lei, incluso á existencia de crédito suficiente.

Considerando.- Que elo debe instrumentarse xuridicamente nunha resolución ou acordo, que unicamente precisará da oportuna retención de crédito, ou no caso de que non exista crédito, da documentación que xustifique a iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito.

Considerando.- Que a Xunta Consultiva resalta o carácter excepcional da tramitación de emerxencia, tal e como sinala o artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que a regula, derivado tanto do réxime específico que a rexe, como da relación de supostos taxadas en que procede, concreta na esixencia de ter que actuar a Administración de forma inmediata a causa de: acontecementos catastróficos, situacións que supoñan un grave perigo e necesidades que afecten á defensa nacional.

Considerando.- Que neste senso, e incidindo no criterio de rigor que debe observarse na aplicación deste réxime, manifestouse o Tribunal Supremo en Sentenza de 20 de xaneiro de 1987, ó establecer que “non basta a existencia dun acontecemento de excepcional natureza do que dimane a situación que as medidas en cuestión afrontan, senón que o que ampara a normativa de emerxencia é unha situación administrativa inmediata, absolutamente necesaria para evitar ou remediar no posible as consecuencias do suceso en cuestión.”

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A. (CIF A82876905), o Lote 3 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Sur)”.



Considerando.- Que na súa consecuencia propónse no informe de inicio de expediente, á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A. (CIF A82876905), para a adxudicación do Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na Obra de emerxencia para "Reparación de muro de contención na EP-2204 Sabarís-Belesar, PQ 0+450 (Concello de Baiona)" por un importe estimado de 1.799,97 €.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención de data 15/04/2024 con CSV: PLIOVHOGVB3IG5U9 no que se recolle que na vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2023, dentro do proxecto de gasto código nº 2024023816, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202400081886.

Considerando.- Que en virtude do disposto nos artigos 34-1, f e i) da Lei 7/85, de 2 de abril, 185 do TRLRFL, de 5 de marzo de 2004, 117 e concordantes do R.d.l. 781/86, de 18 de abril e 61 do R.d. 2568/86, de 18 de novembro e DA 2ª da LCSP, e a Base 16ª apartado 1.e), a autorización e compromiso dos gastos de emerxencia serán competencia da Presidencia.

RESOLVO,

1. Declarar a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra "Reparación de muro de contención na EP-2204 Sabarís-Belesar, PQ 0+450 (Concello de Baiona)".
2. Autorizar o gasto por importe de 100.000,00 € con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2023 do vixente orzamento provincial.
3. Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L, (CIF B94181807), o contrato de obras "Reparación de muro de contención na EP-2204 Sabarís-Belesar, PQ 0+450 (Concello de Baiona)" por importe de 100.000,00 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

i.....	Importe	82.644,63 €
ii.....	IVE (21%)	17.355,37 €
iii.....	Importe total	100.000,00 €

Este importe é unha estimación, quedando condicionado o prezo final á medición definitiva e valoración exacta.

4. Nomear directora de obra a Dona María Elena Pérez Alonso, enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

O prazo de execución estímase en CATRO (4) MESES.



Unicamente se executará o necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, debéndose contratar as restantes prestacións necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia mediante a tramitación do preceptivo expediente conforme á Lei.

O prazo de inicio da obra non poderá ser superior a un mes e deberase dar conta, polo centro Xestor da devandita actuación ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebra tras a adopción desta resolución.

Da cantidade adxudicada reteranse as seguintes porcentaxes:

- 4% do orzamento de execución material de adxudicación, de acordo coa taxa por servizos facultativos que se presten en obras provinciais, aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do día 27/02/98, en concepto de Dirección de Obra.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán ser presentadas polo adxudicatario en formato electrónico a través da Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es) en tempo e forma aos efectos de que o órgano administrativo ao que corresponda, proceda á súa tramitación. Máis información en <https://sede.depo.es/>. Nas facturas deberase indicar os códigos DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 (CIF: P3600000H); Órgano Xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135. Nº Expediente: 2024023816.

5. Adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A. (CIF A82876905), o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na Obra de emerxencia para "Reparación de muro de contención na EP-2204 Sabarís-Belesar, PQ 0+450 (Concello de Baiona)" (Expte 2024025350) un importe de 1.799,97 € de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	1.487,58 €
IVE (21%).....	312,39 €
Importe total.....	1.799,97 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

As obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01.2023 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos



de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os códigos DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2024025350.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda na sesión ordinaria do día 19 de abril de 2024 tomou coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 2024003033 de data 16 de abril de 2024 pola que se adxudicou á empresa, CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L, (CIF B94181807), o contrato para execución da obra “Reparación de muro de contención na EP-2204 Sabarís-Belesar, PQ 0+450 (Concello de Baiona)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 100.000,00 euros, IVE engadido.

De conformidade co establecido no artigo 117 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, así como na base 16^a 1.e) de execución do vixente orzamento provincial, o Pleno queda enterado do contido da Resolución Presidencial número 2024003033 de data 16 de abril de 2024 pola que se adxudicou á empresa, CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS, S.L, (CIF B94181807), o contrato para execución da obra “Reparación de muro de contención na EP-2204 Sabarís-Belesar, PQ 0+450 (Concello de Baiona)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 100.000,00 euros, IVE engadido.

22.8193.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ZjIzOWM0OWUtY2U5MC00ZWl5LTljZmQtOWI1YWlXOWFINDVI&start=7539>

Queda enterado o Pleno das seguintes:

- a) Relación de extractos de Resolucións Presidenciais rexistradas electrónicamente do mes de marzo de 2024



- b) Relación de extractos de Resolucions do ORAL do mes de marzo de 2024.

23.8194.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Acceso ás intervencións:

<https://plenos.depo.gal/watch?id=ZjIzOWM0OWUtY2U5MC00ZWl5LTljZmQtOWI1YWl5OWFlNDVl&start=7549>

Sr. Presidente.- Punto número 23. Rogos e Preguntas. Ten a palabra Dona María Manuela Rodríguez Pumar.

Sra. Rodríguez Pumar.- Grazas. Quería facer dúas preguntas. A primeira ten a ver coa presentación que se fixo por parte de vostede, bueno, do goberno, do Plan Director do Parque Castelo de Sobroso, que digo, atopándose o Castelo de Sobroso na parroquia de Vilasobroso pertencente ó Concello de Mondariz, aínda que o Castelo sexa hoxe propiedade do Concello de Pontearreas, ¿por que non foi convidada a Entidade Local Menor de Vilasobroso a este evento? E a seguinte pregunta ten a ver coa estrada da que estaban hoxe os representantes veciñais máis o alcalde, era unha pregunta no sentido de que no mes de xaneiro fixéramos unha pregunta o grupo do BNG a respecto desa estrada e cando se publicou como reacción, bueno, á parte de presentarse aquí unha moción que presentou o grupo político, o Departamento de Mobilidade se puxo en contacto coa plataforma dicindo que se iban a reunir inmediatamente ...

Sr. Presidente.- ¿Cal é a pregunta? ¿Cal é a pregunta? A ver. Espera. Non che se escoita. A pregunta que fixeches cortouchese a intervención por unha máxima de que, non instaurada por min senón polo anterior equipo de goberno, non sei se lembrades quen eran, é formular preguntas, por favor, repite a pregunta.

Sra. Rodríguez Pumar.- ¿Cando vai recibir ou se vai a entrevistar a responsable do Departamento de Mobilidade coa Plataforma pola mellora da EP-2703 de Pazos de Borbén?



Sr. Presidente.- Por parte do Grupo Socialista, ¿preguntas? ¿Quen pregunta? Primeiro. A ver.

Sra. Iglesias González.- Dúas preguntas Presidente. A primeira é cando pensa o Presidente pedirilles desculpas a esta Voceira do Partido Socialista polas mentiras que verteu sobre a miña persoa fai un intre. E, a segunda pregunta de ¿cando vai o Presidente da Deputación de Pontevedra dirixir de forma democrática este Pleno cando se lle solicita unha cuestión de orde e por alusións non se lle dá a palabra a esta Voceira. Moitas grazas.

Sr. Presidente.- Última pregunta. Gorka.

Sr. Gómez Díaz.- Rogo.

Sr. Presidente.- Rogo.

Sr. Gómez Díaz.- Bueno, rogamos ao Presidente da Deputación e á Deputada de Deportes que abandonen ese ritmo caribeño, eses dez meses de reflexión que levan no goberno, e se poñan a traballar para sacar as bases reguladoras para os clubs deportivos da provincia que teñen totalmente abandonados. Grazias.

Sr. Presidente.- Moi ben, moitas grazas e damos por finalizado este Pleno. Bo día.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente, sendo as catorce horas e catorce minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará o Ilmo. Sr. Presidente comigo, o Secretario, que dou fe.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á acta da presente sesión do Pleno desta Deputación do 26 de abril de 2024 o arquivo audiovisual resultante da gravación da sesión, co nome “Pleno ordinario 26-abril-2024”, que se conserva nos servidores desta Corporación, garantíndose a súa autenticidade e integridade co seguinte código de integridade SHA512:
e117b56029c62b15782eb85c548097aa1c2bcc9cb1fea2cae2e5be2f6607a112a6afae151d6f037f51346e9e80dc32e26e763e8a45c4c5f8ac57695a22058fd4
xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.



No soporte audiovisual quedan recollidas as intervencións as/os señoras/es deputadas/os que participaron nas deliberacións a modo de diario da sesión.

O arquivo audiovisual pode consultarse no portal web corporativo da Deputación de Pontevedra e na URL directa:
<https://plenos.depo.gal:443/watch?id=ZjIzOWM0OWUtY2U5MC00ZWl5LTljZmQtOWI1YWl5OWFINDVI>

- *Minutaxe* -----

00:00:01 - *Asistentes : Luis López Diéguez, Luis; Interventor; Secretario; Guisasola Padín, Marcos; Tourís Romero, Javier; Bastos Míguez, María Sandra; Álvarez Carrero, Roberto José; Conselo Torres, María Isabel; Vázquez Almuíña, Jesús; Castro Domínguez, María Nava; Lorenzo Alonso, Manuel Alejandro; Ramallo Vázquez, María Pilar; Domínguez Artime, Rafael; Cubela López, Jorge; Sánchez Méndez, Luisa María; Rivas Gómez, Digna Rosa; Iglesias González, Ana Laura; Agís Gómez, Gregorio Luís; Ferreira González, Paco; Mejías Sacaluga, Ana María; Gómez Díaz, Gorka; Gómez Prado, Carlos; Iglesias Mougán, Javier; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Pumar, María Manuela; Ortega Iñarrea, María; Mosquera Lorenzo, César; Remoto;*

00:02:53 - *López Diéguez, Luis*

00:03:07 : *1. Aprobación do borrador da acta da anterior sesión extraordinaria de 2 de abril.*

00:03:26 : *2. Renuncia ó cargo de deputado provincial presentada por D. José Carlos López Campos (Expte.- 2023045766-2024027131).*

00:04:19 - *Mosquera Lorenzo, César*

00:06:13 - *López Diéguez, Luis*

00:06:57 : *3. Aprobación da modificación número 7 do contrato do servizo de limpeza nos diferentes centros e sedes da Deputación e da terceira prórroga dos lotes deste contrato (Exptes.- 2024025374-2018058000).*

00:07:16 : *4. Aprobación do expediente do concurso público para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie, mediante procedemento aberto, de varias parcelas (14) resultantes do proxecto de parcelación do Plan de sectorización do solo urbanizable e industrial Outeda-Curro (SRAU-I Outeda-Curro) (Concello de Barro) (Exptes.- 2024025500-2024025116).*

00:07:44 : *5. Aprobación do proxecto técnico reformulado da actuación "Proxecto de mellora da mobilidade peonil no contorno da capela*



de San Xoán de Barcela. Fase 1ª presentado polo Concello de Arbo ao abeiro do Programa PON2030 e a modificación do acordo do Pleno nº 4.8011, de 23-06-2023, de concesión de subvención (Expte.- 2023030223).

00:08:15 : 6. *Aceptación da renuncia do Concello de Pontecesures á subvención concedida ao abeiro do Programa ReacPon e extinción do convenio de colaboración (Expte.- 2021040023).*

00:08:34 : 7. *Ratificación de Resolución Presidencial (RP2024003108 de 17/04/2024) pola que se aproba o Acordo para levar a cabo o proxecto Blue Bioeconomy in the Atlantic Area: New Products from Marine Organisms (BEAP-MAR), financiado polo Programa de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico 2021-2027 (Expte.- 2023007187).*

00:08:56 - López Diéguez, Luis

00:10:51 - López Diéguez, Luis

00:11:04 : 8. *Actualización a 1 de abril de 2024 do Catálogo de estradas titularidade da Deputación de Pontevedra (Expte.- 2024022916).*

00:11:29 : 9. *Proposición da Presidencia para ampliación de cargos co réxime de dedicación exclusiva e parcial e modificación da relación de postos de traballo do persoal eventual (Expte.- 2024025378-2024024505).*

00:13:59 - López Diéguez, Luis

00:14:25 : 10. *Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) solicitando ao Goberno de España a execución inmediata das obras para completar o paseo marítimo entre Pontevedra e Marín (Expte.- 2024025806).*

00:14:42 - Domínguez Artime, Rafael

00:19:32 - López Diéguez, Luis

00:24:41 - López Diéguez, Luis

00:30:34 - Domínguez Artime, Rafael

00:33:33 - López Diéguez, Luis

00:33:37 - Mosquera Lorenzo, César

00:36:38 - López Diéguez, Luis

00:36:43 - Mosquera Lorenzo, César

00:36:55 - López Diéguez, Luis

00:39:59 - López Diéguez, Luis

00:41:03 - López Diéguez, Luis

00:41:29 : 11. *Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) de rexeitamento ante a priorización do Goberno de España na compra*



de participacións da empresa privada Telefónica con fondos reservados ás entidades locais e CC.AA. (Expte.- 2024025862).

00:48:12 - López Diéguez, Luis
00:52:09 - López Diéguez, Luis
00:54:37 - López Diéguez, Luis
00:55:17 - López Diéguez, Luis
00:55:27 - López Diéguez, Luis
00:55:36 - López Diéguez, Luis
00:55:45 - Iglesias González, Ana Laura
00:58:52 - López Diéguez, Luis
00:58:56 - López Diéguez, Luis
01:01:12 - López Diéguez, Luis

01:02:42 : 12. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) de reprobación ás palabras do Presidente do Goberno polo seu desprezo ao municipalismo (Expte.- 2024025865).

01:06:32 - López Diéguez, Luis
01:06:40 - Mosquera Lorenzo, César
01:06:51 - López Diéguez, Luis
01:06:55 - Mosquera Lorenzo, César
01:10:23 - López Diéguez, Luis

01:10:46 : 13. Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE), para esixir da Xunta de Galicia un Plan integral de mellora do firme e a adopción de medidas de seguridade viaria nas estradas de titularidade autonómica (Expte.- 2024025866).

01:14:43 - López Diéguez, Luis
01:14:57 - López Diéguez, Luis
01:20:08 - López Diéguez, Luis
01:20:18 - López Diéguez, Luis
01:23:20 - López Diéguez, Luis
01:23:40 - López Diéguez, Luis
01:23:51 - López Diéguez, Luis
01:26:51 - López Diéguez, Luis
01:27:00 - López Diéguez, Luis
01:27:03 - Agís Gómez, Gregorio Luís
01:29:04 - López Diéguez, Luis

01:29:44 : 14. Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE), para esixir da Deputación un plan de acción integral de mellora das estradas provinciais así como que se reciba ás alcaldesas e alcaldes da nosa provincia (Expte.- 2024026822).

01:30:01 - López Diéguez, Luis
01:34:34 - Mosquera Lorenzo, César
01:39:43 - López Diéguez, Luis



01:39:53 - Mosquera Lorenzo, César
01:45:15 - Mosquera Lorenzo, César
01:48:19 - López Diéguez, Luis
01:48:33 - Mosquera Lorenzo, César
01:51:06 - López Diéguez, Luis
01:54:16 - López Diéguez, Luis
01:54:45 - Agís Gómez, Gregorio Luís
01:56:53 - López Diéguez, Luis

02:04:07 : 15. *Asuntos fóra da orde do día.*

02:04:09 : 16. *Dar conta do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de marzo de 2024 (Exptes.- 2024025376-2024021472).*

02:04:10 : 17. *Dar conta do informe da Intervención sobre o cumprimento durante o 1º trimestre de 2024 dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (Exptes.- 2024025381-2024021509).*

02:04:23 : 18. *Dar conta do Plan Anual de Control Financeiro e Auditoría da Deputación a desenvolver durante o ano 2024 (Exptes.- 2024025443-2024025139).*

02:04:35 : 19. *Dar conta da Resolución Presidencial de data 10 de abril de 2024 (nº Rexistro 2024002860) declarando a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra “Construción de muro de contención na EP-4005 Areas-Alxén-Cabreira, PQ 9+450 (marxe dereita). Concello de Salvaterra de Miño” (Exptes. 2024025388-2024023015).*

02:04:58 : 20. *Dar conta da Resolución Presidencial de data 15 de abril de 2024 (nº Rexistro 2024002982) declarando a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra “Construción de obras de defensa da drenaxe transversal na EP-4306 Ponte de Val-Barciademera, PQ 2+175 (marxe esquerda). Concello de Mondariz” (Exptes.- 2024025463-2024023778).*

02:05:20 : 21. *Dar conta da Resolución Presidencial de data 16 de abril de 2024 (nº Rexistro 2024003033) declarando a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra “Reparación de muro de contención na EP-2204 Sabarís-Belesar, PQ 0+450 (Concello de Baiona)” (Exptes.- 2024025818-2024023816).*



02:05:39 : 22. *Dar conta das Resolucións Presidenciais.*

02:05:49 : 23. *rogos e preguntas.*

02:05:50 - *López Diéguez, Luis*

02:06:52 - *López Diéguez, Luis*

02:07:37 - *Rodríguez Pumar, María Manuela*

02:07:52 - *López Diéguez, Luis*

02:08:10 - *Iglesias González, Ana Laura*

02:08:34 - *López Diéguez, Luis*

02:08:38 - *López Diéguez, Luis*

02:08:43 - *Gómez Díaz, Gorke*

02:10:03 : *[FIN]*

